

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 24 DE FEBREIRO DE 2016

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e catro de febreiro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós, de UxC, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Antes de dar comezo á sesión, o Sr. presidente informa aos presentes que lles deixou enriba da mesa un borrador de ordenanza reguladora da cesión de uso de edificios, locais e instalacións municipais, para ver se a poden ir vendo e na vindeira xunta de voceiros a discuten e a van moldeando.

A segunda cuestión é que, como todos saben, o Sr. alcalde está operado. Vén polo concello porque está en exercicio, pero resúltalle imposible estar dúas horas sentado, por iso non preside el a sesión, porque para terse que levantar á metade do pleno non parecía razoable. Envíalles un saúdo a todos.

A continuación, aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 30 de decembro de 2015

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 30 de decembro de 2015.

Non se formulan alegacións, polo que o Pleno municipal, por unanimidade dos dezaioito concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron á citada sesión [os seis concelleiros do PP; os catro concelleiros presentes de UxC; dona M^a Jesús Gómez González e don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, do PSdeG-PSOE; os dous concelleiros de ACdC-SON; os dous concelleiros do BNG; a concelleira do GM (C's); e o concelleiro non adscrito, nese momento integrante do PSdeG-PSOE], aproba o citado borrador.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Toma de coñecemento dos escritos dos catro concelleiros membros do PSdeG-PSOE respecto da expulsión do Grupo Municipal Socialista de don Jesús Bao Bouzas

De orde do Sr. presidente, a secretaria xeral dá conta do escrito rexistrado ao núm. 0/1104 o día 10 de febreiro de 2016, asinado polos concelleiros integrantes do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto, no que "... comunican, para os efectos que se estimen oportunos, que trala reunión do grupo celebrada o 5 de febreiro de 2016, o edil don Jesús Bao Bouzas deixou de pertencer ao Grupo Municipal Socialista."

Así mesmo, dá conta do escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/1160, o día 11 de febreiro de 2016, asinado polos mesmos catro concelleiros integrantes do Grupo Municipal Socialista no que, para os efectos do establecido no artigo 73.3 da Lei 7/1985, que se refire á consideración de membros non adscritos dos concelleiros que abandonen o seu grupo de procedencia, e para os efectos de non inducir a confusión coa terminoloxía “*ten deixado de pertencer*” utilizada no escrito presentado o día 10 de febreiro, fan constar “... *que na reunión celebrada o 5/02/2016, polo Grupo Municipal Socialista acordouse expulsar a don Jesús Bao Bouzas do dito grupo, e para a súa constancia asinan o presente escrito os catro membros do Grupo Municipal Socialista.*”

2.2. Toma de coñecemento do escrito presentado polo grupo municipal do PSdeG-PSOE respecto da designación dos membros, titular e suplentes, das Comisións Informativas

De orde do Sr. presidente, a secretaria xeral dá conta do escrito presentado polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistrado de entrada ao núm. 0/1158 o día 11 de febreiro de 2016, respecto da nova designación dos membros deste grupo, titulares e suplentes, nas comisións informativas, segundo se transcribe a continuación:

A) Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade Cidadá e Desenvolvemento Socioeconómico

Titular:	Suplente:
Juan E. Rodríguez Vázquez	M ^a Jesús Gómez González
Leonor Fernández Grande	Josefa Vázquez Soto

B) Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente

Titular:	Suplente:
Josefa Vázquez Soto	Juan Evaristo Rodríguez Vázquez
Leonor Fernández Grande	M ^a Jesús Gómez González

C) Comisión Informativa de Benestar Social, Cultura, Deportes e Xuventude

Titular:	Suplente:
M ^a Jesús Gómez González	Leonor Fernández Grande
Juan E. Rodríguez Vázquez	Josefa Vázquez Soto

D) Comisión Especial de Contas

Titular:	Suplente:
Josefa Vázquez Soto	Leonor Fernández Grande
M ^a Jesús Gómez González	Juan E. Rodríguez Vázquez

2.3. Ratificación, se procede, da Resolución de Alcaldía núm. 156/2016, do 5 de febreiro, de corrección dos proxectos incluídos no POS 2016, principal e complementario

Vista a Resolución de Alcaldía núm. 156/2016, do 5 de febreiro, que consta do seguinte teor literal:

“O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria do día 14 de decembro de 2015 acordou:

1.- Participar no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, no que se inclúe a obra “Mellora da rede viaria nas parroquias de Cecebre, Bribes, Sigrás e Cambre”, e aprobar o correspondente proxecto técnico elaborado por D. Elena Bartolomé Delanoë, enxeñeira técnica de obras públicas municipal, cun orzamento de execución por contrata de 203.544,91 €.

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2016 no que se inclúe a obra "Actuacións de mellora e aforro no alumeadado público nas parroquias de Anceis, Brexo, Cambre e Cecebre. Cambre 2015" e aprobar o correspondente proxecto técnico elaborado por D. Elena Bartolomé Delanoë, enxeñeira técnica de obras públicas municipal, cun orzamento de execución por contrata de 62.471,49 €.

Con data 28 de xaneiro e 3 de febreiro de 2016 rexístrase de entrada cos núm. 0/796 e 0/964 respectivamente, escritos procedentes da Excm. Deputación Provincial de "Requirimento ao concello sobre a documentación presentada telematicamente na convocatoria POS OBRASSUM/2016 e POS COMPLEMENTARIO/2016" no que se require que se leve a cabo a corrección das deficiencias encontradas en ambos proxectos segundo os informes de supervisión técnica.

Visto o informe emitido por Dna. Elena Bartolomé Delanoë, enxeñeira técnica de obras públicas municipal, ao que se achegan os proxectos corrixidos segundo o requirimento de referencia.

Tendo en conta as competencias que corresponden aos alcaldes e aos presidentes das entidades locais en materia de contratación a teor do previsto na Disposición adicional segunda – Normas específicas de contratación nas entidades locais do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, e art. 21.1. o) respecto da competencia do alcalde para aprobar os proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no proxecto.

Tendo en conta, non obstante, que os proxectos foron aprobados polo Pleno da Corporación o 14 de decembro de 2015, en uso das atribucións que me son conferidas polos artigos de referencia, **RESOLVO:**

Primeiro: Aprobar o proxecto corrixido correspondente á obra "Mellora da rede viaria nas parroquias de Cecebre, Bribes, Sigrás e Cambre", elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, Dna. Elena Bartolomé Delanoë, cun orzamento de execución por contrata de 203.544,91 €, incluído no Plan provincial de obras e servizos, POS 2016.

Segundo: Aprobar o proxecto corrixido correspondente á obra "Actuacións de mellora e aforro no alumeadado público nas parroquias de Anceis, Brexo, Cambre e Cecebre. Cambre 2015", elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, Dna. Elena Bartolomé Delanoë, cun orzamento de execución por contrata de 62.471,49, incluído no Plan complementario do ano 2016.

Terceiro: Elevar a presente resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar, para a súa ratificación."

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 17 de febreiro de 2016, por catro votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC, e aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE; coa abstención dos dous concelleiros do PP, o concelleiro de ACdC-SON, o concelleiro do BNG, a concelleira de C's, integrante do GM, e o concelleiro non adscrito.

O Sr. presidente explica que o concello solicitou dentro do programa POS unha serie de obras, entre elas a "Mellora da rede viaria nas parroquias de Cecebre, Bribes, Sigrás e Cambre", e como plan complementario a obra de "Actuacións de mellora e aforro na iluminación pública nas parroquias de Anceis, Brexo, Cambre e Cecebre". A Deputación encontrou pequenos fallos, sobre todo en cuestións técnicas, e remitiulles unha solicitude de complemento dos proxectos. Son temas absolutamente técnicos, a técnica os corrixiu, asinounos e devolvéronse.

Explica que se fixo por Resolución da Alcaldía porque tiñan urxencia en presentalo, polos prazos, pero isto evidentemente é cousa de pleno e, polo tanto, ten que vir aquí e ser ratificado.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo vai cambiar o voto das comisións e, unha vez estudadas, van votar a prol das correccións que lles presentaron.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's), e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidades dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Ratificar a Resolución de Alcaldía núm. 156/2016, do 5 de febreiro, de corrección dos proxectos incluídos no POS 2016, principal e complementario.

2.4. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2016 para o pago das facturas relativas ao mantemento e investimentos nas instalacións do campo de fútbol "Os Pinares" de Brexo-Lema posteriores ao acordo para adquirir os terreos, gastos asumidos pola entidade Brexo-Lema S.D. Expediente número 2/2016

Vista a proposta de Alcaldía do día 12 de febreiro de 2016 que consta do seguinte teor literal:

"Visto o informe proposta da concellería delegada de Deportes, Xuventude e Ocupación de Tempo libre relativa a aprobación da xustificación e aprobación e liquidación de gastos a prol da entidade Brexo-Lema SD, por importe de 9.701,79 euros, en concepto de gastos de mantemento e reformas realizadas no campo de fútbol municipal de "Os Pinares" pola entidade, que segundo o acordo plenario de 24 de abril de 2014, no que se aprobou a adquisición dos terreos e instalacións do campo de fútbol, correspondería asumir ao Concello. (b) O Concello de Cambre, unha vez aprobada e ratificada a doazón pola asemblea do Brexo- Lema, conforme co disposto no acordo terceiro, asumirá todos os gastos que xere a instalación (incluso antes do inicio das obras) en especial: limpeza, mantemento, conserxería e gastos correntes (luz, auga, gas, teléfono...).

Visto o informe da intervención municipal á proposta, no que tras o estudo do expediente e a xustificación presentada pola entidade Brexo-Lema S.D., e tendo en conta a natureza e carácter dos gastos realizados que corresponden ás anualidades 2014 e 2015, se considera que a contía de gastos que se han de asumir polo concello é inferior á proposta, 8.243,70 euros, comprensivos de:

1.- "Gastos correntes" da instalación:

Nº FAC	ACREEDOR	DATA	CONCEPTO	IMPORTE
6008451266	CEPSA	4/12/14	Subministración de gas	156,55
6008389106	CEPSA	30/08/14	Subministración de gas	138,60
6008521960	CEPSA	10/03/15	Subministración de gas	297,70
01141010068178	Gas N. Fenosa	13/10/14	Subministración de enerxía eléctrica	83,31
01140810006994	Gas N. Fenosa	04/08/14	Subministración de enerxía eléctrica	184,28
01141111687692	Gas N. Fenosa	09/12/14	Subministración de enerxía eléctrica	475,24
01141211523794	Gas N. Fenosa	02/01/15	Subministración de enerxía eléctrica	66,02
01150111210476	Gas N. Fenosa	30/01/15	Subministración de enerxía eléctrica	47,54
01150211467337	Gas N. Fenosa	06/03/15	Subministración de enerxía eléctrica	46,92
01150311324979	Gas N. Fenosa	01/04/15	Subministración de enerxía eléctrica	41,81
01150411290355	Gas N. Fenosa	04/05/15	Subministración de enerxía eléctrica	73,45
01150511511507	Gas N. Fenosa	03/06/15	Subministración de enerxía eléctrica	89,81
5642/143	AUGASERVI	01/10/14	Suministración de auga	373,79
5642/144	AUGASERVI	02/01/15	Suministración de auga	935,08
5642/151	AUGASERVI	01/04/15	Suministración de auga	366,51
			TOTAL	3.376,61 EUROS

2.- Gastos referidos a material para "ampliación de cuberta e cimentación" en instalacións anexas ao campo:

Nº FAC	ACREEDOR	FECHA	CONCEPTO	IMPORTE
1500290	Horbosa	20/02/15	Suministración hormigón	1.122,88
W 4314	Vila de Cambre	16/02/15	Regleta estanca	85,00
W 2190	Vila de Cambre	24/01/15	Discos de corte	11,50
W 2129	Vila de Cambre	24/01/15	Hilas	4,80

Y 1538	Vila de Cambre	13/02/15	Varios electricidade	38,00
4165	Suc. J. Torreiro Aguiar	11/02/15	Varios material obra	375,90
317	Hierros Telmo López	09/02/15	Tubos e chapa cuberta	1.974,01
360	Hierros Telmo López	13/02/15	Chapa galvanizada	34,49
FC/ 446	Comercial F3	12/02/15	aluguer maquinaria	109,89
A/150062	Aluminios Castro	13/02/15	Corte e plegado de chapa	18,15
FC/ 412	Comercial F3	10/02/15	Aluguer maquinaria	194,86
FC/ 431	Comercial F3	12/02/15	Aluguer maquinaria	92,35
A 36	E.S. Cecebre	12/02/15	Gasoleo maquinaria	30,00
			TOTAL	4.091,83 EUROS

3.- Gastos referidos a "adquisición de compresor eléctrico":

Nº FAC	ACREEDOR	FECHA	CONCEPTO	IMPORTE
459	Atmósfera Sport Coruña	05/09/14	Compresor eléctrico	100,00 EUROS

4.- Referidos a "outros gastos de mantemento na instalación":

Nº FAC	ACREEDOR	FECHA	CONCEPTO	IMPORTE
F15000876	Zona Verde S.L.	21/05/15	Substitución 2 aspersores	150,00
F15000653	Zona Verde S.L.	28/04/15	Substitución 4 aspersores	300,00
Y 1447	Vila de Cambre	11/02/15	Varios electricidade	29,90
W 1931	Vila de Cambre	26/02/15	Copias claves instalación	33,00
Y 5370	Vila de Cambre	23/05/15	Malla ocultación e claves	52,00
4153	Suc. J. Torreiro Aguiar	30/12/14	Cal apagada para marcaxe	55,18
4153	Suc. J. Torreiro Aguiar	13/03/15	Cal apagada para marcaxe	55,18
			TOTAL	675,26 EUROS

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a "expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio".

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. ("Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos,...").

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que aboar por terse realizado as referidas actuacións no campo de fútbol, e que a súa realización conta coa conformidade na proposta da concellería de Deportes tanto do coordinador de actividades culturais e educativas como do arquitecto municipal, e que o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio nouro.

É por isto polo que se propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente número 2/2016 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2016 por importe de *oito mil douscentos corenta e tres euros con setenta céntimos* (8.243,70 euros), para o pago das facturas relativas ao mantemento e investimentos nas instalacións municipais do campo de fútbol "Os Pinares" de Brexo-Lema posteriores ao acordo para adquirir os terreos, gastos asumido pola entidade Brexo-Lema S.D.

Segundo: Aprobar a relación de gastos e investimentos descrita, e aprobar a autorización e disposición do gasto, recoñecer e liquidar obrigas a prol da entidade Brexo-Lema S.D., co CIF G15148042, por importe *oito mil douscentos corenta e tres euros con setenta céntimos* (8.243,70 euros), correspondentes 4.051,87 euros a gastos de mantemento e 4.191,83 euros a investimentos realizados no Campo municipal de fútbol de “Os Pinares”, que segundo o acordo do Pleno de 24 de abril de 2014, que aproba a adquisición dos terreos e instalacións do campo de fútbol Os Pinares, corresponde asumir a este concello, con cargo á aplicación orzamentaria 2016.342.212 “Reparación instalacións deportivas, así como o seu aboamento mediante transferencia bancaria.”

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 17 de febreiro de 2016, por cinco votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC, aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE e o concelleiro do BNG; coa abstención dos dous concelleiros do PP, o concelleiro de ACdC-SON, á concelleira de C's, integrante do GM, e o concelleiro non adscrito.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, explica que o que se trae a pleno é o recoñecemento e liquidación de facturas a prol da entidade Brexo-Lema S.D., polo importe de 8.243,70 euros, correspondentes, 4.051,87 a gastos de mantemento, e 4.191,83 a investimentos realizados no campo de fútbol, dado que son gastos que debe asumir este concello dende a data de cesión dos terreos.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que por parte do seu grupo van cambiar o voto de abstención das comisións e van votar a prol.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que aínda que o seu grupo non formaba parte desta Corporación cando isto se aprobou en pleno, xa que foi na lexislatura pasada, cren que se debe cumprir cos compromisos adquiridos, e o seu voto vai ser a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's), e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.5. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2016. Expediente número 3/2016

Vista a proposta de Alcaldía do día 12 de febreiro de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores e de importe total de 44.655,78 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento, por non ter a conformidade no exercicio 2015, ou por terse presentado na derradeira quincena do ano e non ser posible conformalas e tramitalas antes de finalizar o 2015, ou ben por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. ("Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos,...").

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que aboar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente número 3/2016 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2016 por importe de 44.655,78 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Nº DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2015/3240	03/07/2015	A28767671	RENTOKIL INITIAL ESPAÑA S.A.	2.482,26
A/2016/2	28/01/2016	A28767671	RENTOKIL INITIAL ESPAÑA S.A.	-1.197,90
F/2015/4354	30/09/2015	B13102009	INGENIERIA DE GESTION INDUSTRIAL, S.L.	82,54
F/2015/4597	06/10/2015	76314483T	CORTES VARELA EMILIO	2.442,07
F/2015/4672	23/10/2015	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	149,98
F/2015/4837	07/11/2015	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	296,63
F/2015/4849	10/11/2015	B70348537	ACUATEA TECNICAS APLICADAS S.L.	2.178,00
F/2015/4865	11/11/2015	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	254,56
F/2015/4866	11/11/2015	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	91,28
F/2015/4868	11/11/2015	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	45,85
F/2015/4929	16/11/2015	W0067389G	ACE EUROPEAN GROUP LIMITED EN ESPAÑA	1.392,23
F/2015/4995	05/11/2015	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	27,75
F/2015/4996	05/11/2015	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	21,90
F/2015/4997	05/11/2015	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	91,45
F/2015/4998	05/11/2015	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	70,50
F/2015/4999	05/11/2015	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	69,70
F/2015/5000	05/11/2015	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	134,15
F/2015/5003	05/11/2015	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	150,00
F/2015/5004	05/11/2015	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	31,40
F/2015/5005	05/11/2015	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	40,10
F/2015/5006	05/11/2015	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	44,35
F/2015/5007	05/11/2015	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	117,25
F/2015/5008	05/11/2015	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	30,35
F/2015/5009	05/11/2015	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	11,05
F/2015/5010	05/11/2015	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	30,00
F/2015/5170	03/12/2015	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	98,25
F/2015/5176	03/12/2015	B15359383	AUGASERVI, S.L.	87,12
F/2015/5183	03/12/2015	A15343692	GADISVEN, S.A.	15,14
F/2015/5294	11/12/2015	A28743847	E.O.PRIM, S.A.	814,00
F/2015/5318	12/12/2015	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	92,50
F/2015/5323	12/12/2015	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	33,25
F/2015/5329	12/12/2015	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	35,34
F/2015/5340	14/12/2015	B70084272	DINAMO XESTION DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURALS, S.L.	181,50
F/2015/5341	15/12/2015	B70238761	RECURSOS E PROXECTOS GALICIA, S.L.	1.624,17
F/2015/5345	15/12/2015	A08950685	AIRBOX, S.A.	133,12
F/2015/5358	24/11/2015	J70070834	ENTER.CUATRO S.C.	61,38
F/2015/5359	24/11/2015	J70070834	ENTER.CUATRO S.C.	75,90



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

F/2015/5364	16/12/2015	B27278845	A BILLARDA, S.L.	2.716,45
F/2015/5387	17/12/2015	B15704109	XALO OBRAS E SERVICIOS, S.L.	36,30
F/2015/5388	17/12/2015	B15704109	XALO OBRAS E SERVICIOS, S.L.	54,45
F/2015/5391	17/12/2015	B15349442	TOPO2000, S.L.	1.161,60
F/2015/5395	17/12/2015	B15815624	ANGEL CASTRO CEA, S.L.	20,99
F/2015/5396	17/12/2015	B15815624	ANGEL CASTRO CEA, S.L.	737,99
F/2015/5404	18/12/2015	B15395742	AUTO-TALLER UVEDOBLE, S.L.	324,44
F/2015/5449	25/11/2015	33267966F	BARREIRO GARCIA JOSE CARLOS	39,93
F/2015/5458	23/12/2015	B70184445	LUGAMI ARTES GRÁFICAS, SL	286,09
F/2015/5459	23/12/2015	B15360902	CANARGA S.L.	1.722,91
F/2015/5460	23/12/2015	B15360902	CANARGA S.L.	306,89
F/2015/5567	23/12/2015	B15162068	EDITORIAL LA CAPITAL, S.L.	19,98
F/2015/5571	23/12/2015	B70064472	GRUPO EDITORIAL, S.L. (EL ENTORNO METROPOLITANO)	484,00
F/2015/5572	24/12/2015	B70055504	MUGATRA SOCIEDAD DE PREVENCION, S.L.	11,50
F/2015/5590	28/12/2015	A78874054	BAYARD REVISTAS, S.A.	275,68
F/2015/5591	28/12/2015	B27035419	XORSA GLOBAL, S.L.	363,00
F/2015/5594	28/12/2015	B15959240	ARGAMATIC INSTALACIONES, S.L.	434,15
F/2015/5616	29/12/2015	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	96,42
F/2015/5618	29/12/2015	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	19,00
F/2015/5619	29/12/2015	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	114,55
F/2015/5620	29/12/2015	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	206,24
F/2015/5623	29/12/2015	B15527864	IMPRENTA A Y R, S.L.	477,95
F/2015/5624	29/12/2015	B15359383	AUGASERVI, S.L.	172,03
F/2015/5630	29/12/2015	B15025661	INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS, S.L.	120,15
F/2015/5631	29/12/2015	B15025661	INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS, S.L.	255,72
F/2015/5632	29/12/2015	B15025661	INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS, S.L.	676,29
F/2015/5636	29/12/2015	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	34,42
F/2015/5645	29/12/2015	B70408869	ARTABRA COMUNICACION, S.L.	417,45
F/2015/5646	29/12/2015	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	160,37
F/2015/5647	30/12/2015	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	76,58
F/2015/5653	30/12/2015	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	6,51
F/2015/5654	30/12/2015	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	17,13
F/2015/5656	30/12/2015	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	149,71
F/2015/5659	30/12/2015	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	27,02
F/2015/5660	30/12/2015	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	52,47
F/2015/5662	30/12/2015	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	90,44
F/2015/5663	30/12/2015	B36112043	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	994,62
F/2015/5675	30/12/2015	B70297817	CINTENER, S.L.	2.916,10
F/2015/5676	30/12/2015	B70297817	CINTENER, S.L.	1.415,70
F/2015/5680	31/12/2015	A28517308	EULEN, S.A.	972,94
F/2016/24	07/01/2016	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	2.657,18
F/2016/25	07/01/2016	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	3.781,64
F/2016/26	07/01/2016	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	2.399,36
F/2016/109	13/01/2016	B70412820	VANAGANDR DESTILERIAS, S.L.	242,00
F/2016/135	07/01/2016	47377887A	CALZA DIAZ JOSE MANUEL	459,80
F/2016/139	11/01/2016	76318248Q	GONZALEZ LOPEZ MARIA CARMEN	29,40
F/2016/146	11/01/2016	J70244728	CERAMICAS TORREBAL S.C.	516,62
F/2016/147	11/01/2016	J70244728	CERAMICAS TORREBAL S.C.	92,00
F/2016/182	13/01/2016	32808887P	MARIÑAS DAVILA LORENA (BIG RED BUS)	2.310,00
F/2016/189	13/01/2016	32808887P	MARIÑAS DAVILA LORENA (BIG RED BUS)	880,00
F/2016/190	13/01/2016	32808887P	MARIÑAS DAVILA LORENA (BIG RED BUS)	180,00
F/2016/281	19/01/2016	32831723M	VAZQUEZ SANTOS ANTONIO	302,50
				44.655,78
				EUROS

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente.”

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 17 de febreiro de 2016, por catro votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC, e aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE; coa abstención dos dous concelleiros do PP, o concelleiro de ACdC-SON, o concelleiro do BNG, a concelleira de C's, integrante do GM, e o concelleiro non adscrito.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, explica que o que se trae a aprobación deste pleno son unha serie de facturas con cargo ao orzamento correspondente, por non terse presentado no concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo, ou se realizou a subministración, ou ben por non contar coa conformidade dos servizos técnicos dentro do ano, ao presentarse nos derradeiros días do ano a maior parte delas.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que senten non poder cambiar o seu voto. Sería favorable, pero como xa dixeron nas comisións, hai unha factura na que dubidan moito do que se podería chamar a súa legalidade. É unha factura que aparece por redacción dun proxecto de acondicionamento de local para biblioteca municipal. Polas explicacións que lles deron, parece ser que se trata da redacción dun anteprojecto sobre un edificio privado, para determinar se ese edificio é válido para albergar a biblioteca municipal.

Polo tanto, ou se retira esa factura dese grupo de facturas, ou o seu voto vai seguir sendo abstención.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON e a concelleira do GM (C's). Abstéñense os seis concelleiros do PP, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

O Sr. presidente solicita desculpas pola súa falta de experiencia, xa que deu paso á votación sen que puidera intervir o concelleiro don Ramón Boga Moscoso, que desexaba explicar o tema da factura á que fixo referencia o Sr. Rivas. Se lle permiten, dá paso agora a esa intervención.

Concedida a palabra a don Ramón Boga Moscoso, concelleiro de UxC, explica que o actual equipo de goberno, antes de comezar a facer calquera obra en calquera local, sexa ese local privado ou público, avalía se a obra é factible. É por iso que se elaborou un anteprojecto para diagnosticar se é posible o uso previsto. Hai que lembrar que neste concello hai un montón de locais que son privados, que están sendo de uso público, e onde houbo obras onde se investiron cartos públicos.

O Sr. presidente pregunta aos presentes se queren volver a votar ou se manteñen o sentido do voto.

Todos os presentes manteñen as votacións efectuadas.

2.6. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

O Sr. presidente explica que, segundo o establecido no Regulamento orgánico municipal, é necesario votar a urxencia do asunto.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que antes de votar a urxencia, el cre que como esta é unha moción que presenta a Alcaldía, necesitarían saber por que é urxente esta moción.

O Sr. presidente expón que se trata dunha moción da Alcaldía para os efectos establecidos no artigo 115.1.c) do Regulamento orgánico municipal. Trátase do proxecto dunha obra de reparación de danos ocasionados por temporais en xaneiro-febreiro do 2014, en Bribes e Mercurín (Anceis), elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Manuel Ángel Pisos Veiga, cun importe de execución por contrata de 194.612,26 euros.

A necesidade de declarar a urxencia é porque así o recolle o regulamento, é dicir, en canto se trae unha moción fóra da orde do día hai que declarar a urxencia para poder votala. A cuestión é que se emitiu unha resolución da Alcaldía aprobando un proxecto, e hai que aprobar o proxecto porque ao non estar vinculado aos orzamentos municipais, ao non haber orzamentos, os proxectos que non estean prescritos polo orzamento teñen que vir a pleno. Polo tanto, teñen que votar se avalan ou non avalan a resolución que se adoptou. Esa é a urxencia.

Aclara que é urxente pola propia cuestión da moción. Ao non ter entrado a moción dentro da orde do día, non ter sido discutida na comisión informativa, todas as mocións que non entran dentro dese tipo, hai que declarar previamente a urxencia, e hai que declarar se as debaten ou non as debaten. Esas son as dúas xestións, é dicir, toda moción que non fora tratada na comisión informativa, tráese ao pleno, e ao chegar ao pleno hai que declarar primeiro a urxencia e despois hai que declarar se a debaten. Van facelo todo nun punto, que é o que se fai en toda moción, declarar a urxencia, e despois, debaten o contido.

Conclúe dicindo que, se así o desexan, a secretaria llelo aclara.

Concedida a palabra á secretaria xeral, explica que xa todos teñen a resolución e a certificación, e trátase dunha obra que xa vén do ano 2014, que non é precisamente deste equipo de goberno, e o que se necesita, por tema de prazos, é contratar xa mesmo. Recibiuse unha subvención do 50% e teñen uns prazos perentorios, que están xa moi xustos de tempo.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que pola súa parte, e respecto do que se está dicindo, eles este texto recibírono onte, é dicir, no caso, por exemplo, da moción urxente que trae o seu grupo, presentárona o día 19, é dicir, houbo tempo, aínda que fixeron modificacións. Eles entenden que hai tempo para xustificar a urxencia dunha moción se a reciben cun período determinado de tempo. A de Alcaldía recibírona, se non se equivoca, onte ás 18:00 horas, máis ou menos foi sobre esa hora, sen tempo suficiente como para ver efectivamente de que se trata o asunto.

Entón, respecto do que dixo a secretaria, aí si que entenden que se podería chegar a xustificar a urxencia, pero dicíndolles exactamente cales son eses prazos que, ao mellor, pode ser que impidan que a moción se leve ao pleno seguinte. É dicir, se hai urxencia, haina, pero non por outra cuestión.

O Sr. presidente expón que non se entenderon, el estaba falando do procedemento do que é o tema plenario, e os señores concelleiros estaban falando do outro sentido. Non se entenderon, estaban falando de cousas paralelas. Se a cuestión que expuxo a secretaria é suficiente, pasan á votación da urxencia, ou pregunta se non foi suficiente.

Engade que o problema do procedemento é que eles teñen que contratar isto nun prazo determinado, e se non declaran a urxencia elevan o prazo da contratación e probablemente non cheguen a coller a subvención. Por iso traen isto aquí, porque é urxente, e van dicilo todo claramente, isto foi, por parte dos técnicos ou dos políticos, foi un esquecemento, como hai moitos, déronse conta e decidiron metelo, porque realmente non poden perder esta operación neste momento. Esa é a realidade.

Conclúe pedindo desculpas, porque non se entenderon, pero di que falando se entende a xente.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada pola Alcaldía municipal. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes de

UxC, os catro concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Moción da Alcaldía para a ratificación da Resolución da Alcaldía núm. 193/2016, do 12 de febreiro, de aprobación do proxecto denominado “Reparación de danos ocasionados por temporais xaneiro-febreiro 2014: Bribes e Mercuin (Anceis)”

Vista a proposta da Alcaldía que consta do seguinte teor literal:

“Polo Sr. alcalde en funcións, ditouse a Resolución nº 193/2016, de data 12 de febreiro, do seguinte teor literal:

“Por resolución do concelleiro-delegado de Obras e Servizos nº 1432/2014 de data 26 de xuño de 2014, aprobouse o proxecto denominado “Reparación de danos ocasionados por temporais xaneiro-febreiro 2014: Bribes e Mercuin (Anceis)”, elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Manuel Ángel Pisos Veiga, cun importe de execución por contrata de 194.612,26 euros.

Na mesma resolución, acordouse solicitar unha subvención para a execución deste investimento, ao abeiro do Real decreto-lei 2/2014 de 21 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e a costa cantábrica (BOE nº 46 de 22/02/2014), e máis da Orde INT/701/2014, pola que se determinan os municipios aos que lle son de aplicación as medidas previstas no antedito Real decreto-lei (BOE 01/05/2014), que inclúe, no seu Anexo I, ao Concello de Cambre.

No BOE nº 266 do 6 de novembro de 2015, publícase a Resolución da Dirección Xeral de Coordinación de Competencias coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, pola que se asignan subvencións por danos en infraestruturas municipais e rede viaria das deputacións provinciais e forais, así como das comunidades autónomas uniprovinciais, previstas no Real decreto-lei 2/2014 do 21 de febreiro, pola que se aproba a asignación dunha subvención ao Concello de Cambre por importe de 101.394,62 euros, (correspondente ao 50% do total solicitado).

Tendo en conta que, segundo establece o artigo 121.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei dos contratos do sector Público (TRLCSP), a aprobación do proxecto de obras correspóndelle ao órgano de contratación, e tendo en conta, así mesmo, o informe urbanístico ao proxecto, emitido polo arquitecto municipal, así como a recepción das pertinentes autorizacións, emitida pola Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia, (Ministerio de Fomento) coa data 18/01/2016, e faltando por recibir á autorización de Augas de Galicia, según o departamento propoñente do expediente está próximo a chegar.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,
RESOLVO:

Primeiro: Aproba-lo proxecto denominado “Reparación de danos ocasionados por temporais xaneiro-febreiro 2014 : Bribes e Mercuin (Anceis)”, elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Manuel Ángel Pisos Veiga, cun importe de execución por contrata de 194.612,26 euros.

Segundo: Acordar que polo técnico competente se efectúe o replanteo do proxecto, de conformidade co establecido no artigo 126 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei dos contratos do sector Público (TRLCSP).”

Visto que, con data do 17 de febreiro de 2016, rexistrouse de Entrada no Concello de Cambre, ao número 0/1319, a Autorización para execución da obra, emitida o 16 de febreiro anterior polo director de Augas de Galicia (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas).



Visto que, o artigo 22.2.ñ) da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ao Pleno municipal a aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos presupostos.

Á vista do exposto, propono ao Pleno do Concello de Cambre a adopción do seguinte ACORDO:

Ratificar a Resolución ditada polo Sr. alcalde en funcións, nº 193/2016, de data 12 de febreiro, de aprobación do proxecto denominado "Reparación de danos ocasionados por temporais xaneiro-febreiro 2014: Bribes e Mercurín (Anceis)", elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Manuel Ángel Pisos Veiga, cun importe de execución por contrata de 194.612,26 euros."

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, expón que, como ben dixo a compañeira de ACdC-SON, eles recibiron esta moción de urxencia onte ás 18:00 horas. El cando leu a moción chocoulle a urxencia, agora entende que pode ser por un tema de prazos, é lóxico, se isto se recibe o 6 de novembro de 2015, teñen un prazo para contratar a obra que, por certo, foi por unha resolución do antigo concelleiro de Obras e Servizos, o Sr. Marante, que data de xuño de 2014. Déronlles unha subvención para poder realizar esa obra, e o lóxico é que se contrate canto antes. Esa é a explicación.

Conclúe dicindo que eles loxicamente non teñen moito que debater, xa que isto xa o debateron na Corporación municipal, cando exercían o Goberno. Polo tanto, di que o menos é votar a prol disto.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o voto do seu grupo vai ser a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que cómpre clarificar, sobre todo polos presentes a este pleno, que do que están a falar é dunha reparación de danos que se ocasionaron polos temporais acontecidos no ano 2014, xaneiro-febreiro, e que están falando dun importe de 200.000 euros aproximadamente, 195.000 euros. Deses 195.000 euros a subvención é a metade, máis ou menos 100.000 euros, e entende que o resto terá que asumir a diferenza o concello, como non pode ser doutra forma.

Conclúe dicindo que eles, aínda que coa présa, e entendendo que co tema dos prazos estas cousas teñen que saír para adiante, van apoiar a moción, porque evidentemente a mellora que se poida levar a cabo en Bribes e Mercurín, que son as zonas afectadas por ese temporal. Evidentemente é o seu compromiso ter que facelo.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que por acabar de explicalo todo, quere explicar a postura do Bloque e, en contra do que poida parecer, isto en honra xa non só do anterior Goberno, senón da anterior Corporación.

Sinala que, respecto do epígrafe baixo o que se sustenta esta subvención, reparación de danos ocasionados por temporais de xaneiro-febreiro do 2014: Bribes e Mercurín, moita xente preguntárase se realmente o temporal que houbo no mes de xaneiro, naquel inverno do 2014, fundamenta 200.000 euros de investimentos nesa serie de estradas, de camiños de carácter municipal. A iso poden dicirlles que loxicamente non, pero que se fixo un traballo, no que o Bloque participou naquel momento, levado a cabo polo anterior Goberno, para que se dera adaptado ás bases desa subvención, para que fora compatible coas bases desa subvención, e así poder resolver unha especie de problema histórico de tantos que hai, de tantos que había, de tantos que tristemente segue habendo neste concello, respecto do estado dos camiños e viais públicos.

Polo tanto, entenden que o que se fai levando a cabo, dunha vez, esta obra, esta infraestrutura, é solucionar unha das moitas pequenas débedas históricas que hai no Concello de Cambre, neste caso é a través desta subvención. Benvinda sexa, e dende o seu punto de vista dicir que manteñen o voto e o seu sentido favorable que tiveron na lexislatura pasada, recoñecéndolle o traballo feito ao equipo de goberno anterior, e tamén a este

equipo de goberno actual, por non deixar pasar o sol diante da porta. Neste caso vale máis que sexa con urxencia, que sexa con présa, pero que sexa, que non deixar escapar esta subvención.

Conclúe dicindo que máis nada e que, loxicamente, o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu voto vai ser a prol, pero o que si consideran dende o seu grupo é que unha moción debe ser lida. Os veciños que están aquí non sabían de que se trataba, e non se leu. Agora por parte de ACdC e do BNG explicouse o tema, simplemente dicir iso. O seu voto vai ser a prol.

O Sr. presidente pide desculpas aos veciños, e dilles que este é un tema que viña do ano 2014 e entendeu que todo o mundo o coñecía. Reitera que pide desculpas aos veciños por non telo aclarado antes.

A petición do Sr. presidente, a secretaria dá lectura á parte resolutiva da proposta presentada, tal e como foi transcrita.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's), e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidades dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da declaración institucional sobre a conexión ferroviaria entre A Coruña e Ferrol. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da declaración presentada.

Declaración institucional sobre a conexión ferroviaria entre A Coruña e Ferrol

Consta do seguinte teor literal:

“O servizo de FFCC entre A Coruña e Ferrol volve recibir unha ferida de morte, cunha nova redución nos servizos ofertados aos usuarios. Dende hai anos apreciamos o continuo desmantelamento de apeadeiros, estacións e frecuencias que provoca unha paulatina perda de viaxeiros utilizada como argumento para a eliminación de máis servizos.

A liña de FFCC entre A Coruña e Ferrol está formada por dous ramais diferentes, o tramo A Coruña-Betanzos Infesta pertencente ao ramal Coruña-Lugo (tramo A Coruña-Palencia) inaugurado no ano 1875, e o tramo bautizado como 'ramalillo' que une a estación de Betanzos Infesta coa de Ferrol inaugurado no ano 1912. O paso dos servizos entre A Coruña e Ferrol e viceversa pola estación de Betanzos Infesta require dunha anacrónica manobra de investimento de marcha dos trens, provocando unhas perdas de tempo de ao redor de 15 minutos, inasumibles para un servizo de transporte de viaxeiros do século XXI, o que vén a reforzar a realidade de que dende as datas das súas inauguracións, estas infraestruturas nunca recibiron investimento na mellora do seu trazado que produza unha redución dos tempos de viaxe, recibindo unicamente investimento para o substitución natural de travesas de madeira por travesas polivalentes de formigón.

Cambre ten dúas estacións polas que pasan estas liñas que apenas ofertan conexións con Ferrol e A Coruña e que cada ano presentan unha constante perda de viaxeiros. O futuro da mobilidade comarcal ten que contar necesariamente co reforzo das liñas ferroviarias como medio menos contaminante, eliminando gran parte do tráfico, e máis efectivo para desprazarse ata as cidades de maior poboación, aínda que para que sexa unha realidade é necesario unha política de mobilidade acorde co noso tempo e un investimento que realmente aposte por este medio de transporte.

No noso concello houbo nos últimos anos unha loita contra estes recortes e incluso acordos dos partidos políticos que amosaron a súa desconformidade sobre a redución destes servizos que só pretenden acabar co transporte ferroviario da bisbarra. En Cambre aprobouse unha moción contra o desmantelamento do servizo co obxectivo de potenciar as liñas de proximidade. Mesmo se instou ao Goberno estatal de engadir un apeadeiro máis na Barcala, nunha zona que podería mellorar o transporte de moitos veciños das parroquias do Temple e da zona da Barcala cara á cidade da Coruña e viceversa. Estas reivindicacións foron rexeitadas polo goberno do Partido Popular que ata agora non contestou ao noso concello sobre unha lexítima demanda aprobada no pleno.

O tren pode e debe converterse nun dos medios de transporte fundamentais dentro da comarca, cun núcleo urbano necesitado de alternativas de transporte que promovan o multimodalismo e que teña como *leit motiv* a redución de movementos en vehículos privados dende as zonas de traballo ata os lugares de residencia e viceversa.

No caso que nos atinxe, os Concellos da Coruña, Culleredo, Cambre, Bergondo, Betanzos, Paderne, Miño, Pontedeume, Cabanas, Fene, Neda, Narón e Ferrol, concellos polos que transcorre a infraestrutura, suman preto de 500.000 habitantes.

Na actualidade, no Estado, existen núcleos de proximidade en Asturias (Avilés, Xixón e Oviedo), Santander, Bilbao, Donosti, Zaragoza, Girona, Tarragona, Barcelona, Madrid, Valencia, Murcia-Alacante, Sevilla, Málaga e Cádiz, quedando ao noroeste do Estado sen cobertura de servizos de ferrocarril de curto alcance, conectando os grandes núcleos urbanos coas súas áreas metropolitanas, algunhas delas con menor carga poboacional que no caso da liña Coruña-Ferrol.

ACORDOS:

Primeiro: Amosar a desconformidade do Concello de Cambre coa liña de redución de servizos no que se ven producindo nos últimos anos na liña Coruña-Ferrol e que afecta gravemente aos cambreses e cambresas.

Segundo: Demandar a ADIF e ao Ministerio de Fomento o investimento necesario para as melloras das infraestruturas asociadas e do trazado tanto no ramal Coruña-Betanzos Infesta como no de Betanzos Infesta-Ferrol, facendo especial fincapé no enlace directo destes dous ramais, que redunden na mellora de velocidades de servizo e, polo tanto, na mellora dos tempos de percorrido.

Terceiro: Demandar a ADIF e ao Ministerio de Fomento o investimento necesario para a duplicación de vías onde fose necesario, a modernización dos sistemas de seguridade, e a electrificación dos ramais Coruña-Betanzos Infesta e Betanzos Infesta-Ferrol que permita a súa explotación con maquinaria eléctrica.

Cuarto: Demandar á Xunta de Galicia a inclusión das viaxes entre concellos pertencentes ás diferentes áreas de zonas de transportes no Plan de Transporte Metropolitano, que permita o uso da tarxeta de transporte metropolitano de Galicia e as vantaxes que iso achega ás persoas usuarias.

Quinto: Reclamar a ADIF e ao Ministerio de Fomento a creación dun núcleo de proximidade que permita o dimensionamento de servizos e da maquinaria utilizada apto para a demanda potencial da área Coruña-Ferrol.

Sexto: Incluír nestas melloras a inclusión dun apeadeiro na Barcala que dea servizo aos veciños e veciñas da parroquia do Temple e da zona da Barcala."

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, amosa a súa conformidade coa declaración.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción en apoio da República Árabe Saharauí Democrática. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

O Sr. presidente explica que isto entrou como declaración institucional, non foi posible o acordo e, polo tanto, vén como moción, e dado que ningún dos grupos foi quen a presentou, vaille dar lectura a Sra. secretaria.

A) Moción con motivo do 40º aniversario da proclamación da República Árabe Saharauí Democrática (RASD)

A secretaria xeral dá lectura ao texto da moción, tal e como foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Benestar Social, Cultura, Deportes e Xuventude de data 17 de febreiro de 2016, por oito votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC, os dous concelleiros do PSdeG-PSOE, o concelleiro de ACdC-SON, o concelleiro do BNG, a concelleira de C's, integrante do GM, e o concelleiro non adscrito, e coa abstención dos dous concelleiros do PP.

Consta do seguinte teor literal:

“O 27 de febreiro de 2016 cúmprese o 40º aniversario da proclamación da República Árabe Saharauí Democrática e o Concello de Cambre quere sumarse a este acontecemento histórico e demostrar un ano máis o seu firme compromiso co Pobo Saharauí.

As choivas torrenciais caídas en outubro de 2015 nos campamentos de poboación refuxiada saharauí afectaron a máis de 90.000 persoas, 25.000 das cales perderon os seus fogares e quedáronse sen alimentos, segundo denunciou a Axencia das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR).

Diversas investigacións levadas a cabo polo Instituto Hegoa da UPV-EHU e a Sociedade de Ciencias Aranzadi, co apoio de Euskal Fonda, achegaron novas probas sobre desaparicións forzosas e bombardeos á poboación civil saharauí a mans do goberno de Marrocos. Ademais, estas investigacións están sendo útiles na investigación da querela por xenocidio contra o Pobo Saharauí e nas demandas de verdade, xustiza e reparación.

Por todo iso, o Concello de Cambre manifesta o seguinte:

1. Reafirma o seu recoñecemento ao lexítimo goberno da RASD e o Frente POLISARIO e manifesta, unha vez máis, o dereito de autodeterminación que legalmente asiste ao Pobo Saharauí. Así mesmo pídelles ao Goberno de España que lle dea o estatus diplomático á Representación do Frente POLISARIO en España, único e lexítimo representante do Pobo Saharauí, recoñecido así pola ONU.
2. Insta ao Goberno de España e á comunidade internacional a que promovan todas as iniciativas políticas que sexan necesarias para lograr unha solución xusta e definitiva, mediante a celebración dun referendo, conforme ás resolucións de Nacións Unidas.
3. Insta ás autoridades marroquís a que cesen as persecucións contra os e as activistas saharauís de dereitos humanos, a que liberen aos presos políticos saharauís e esclarezan o destino de máis de 400 persoas saharauís desaparecidas.
4. Insta ao Goberno de España a que asuma a súa responsabilidade histórica e traballe activamente dentro da Unión Europea e aproveite a súa presenza no Consello de Seguridade de Nacións Unidas para que a MINURSO vexa ampliado o seu mandato á vixilancia dos dereitos humanos no Sáhara Occidental.

5. Reafirmase no seu compromiso de traballar tanto nos campamentos de poboación refuxiada en Tinduf (Arxelia), como nos territorios ilegalmente ocupados por Marrocos como mostra do apoio maioritario da sociedade cambresa á lexítima loita do Pobo Saharauí pola súa liberdade.

6. Agradece sinceramente a colaboración desinteresada e a xenerosidade dos cidadáns e as cidadás de Cambre que fan posibles proxectos de cooperación co Pobo Saharauí, tales como a Caravana pola Paz, Vacacións en Paz, etc.”

Concedida a palabra a don Manuel M^a Mora Pita da Veiga, concelleiro do PP, explica que van repetir un pouco o que xa se comentou nas comisións, e manteñen que se no parágrafo primeiro só se reafirmara o recoñecemento lexítimo da República Árabe Saharauí, estarían de acordo. Non están de acordo porque o Frente Polisario é un movemento político, cuns fins instrumentais definidos, e dende o seu punto de vista non poden recoñecelo como lexítimo representante de todo o Pobo Saharauí, senón soamente dunha parte.

Di que España apoia dende unha solución política xusta e duradeira, e mutuamente aceptable, que prevea unha libre determinación do Pobo Saharauí no marco dos principios e propósitos da Carta das Nacións Unidas. Tamén mantén o seu apoio, no papel centrado e esforzos do secretario xeral da ONU, e o enviado especial e persoal que se envía ao Sáhara, e pon á súa disposición un avión, para que ese enviado especial poida desprazarse nas súas viaxes rexionais. Iso demostra o compromiso que ten España con que esta situación se resolva.

En relación cos dereitos humanos, España aposta por un enfoque gradual e progresivo que xere consenso no grupo de amigos e no Consello de Seguridade. España mantén tamén o seu compromiso humanitario co Pobo Saharauí Occidental, sendo un dos primeiros doantes de axuda bilateral para os campamentos de refuxiados.

Quere dicir que España non dá as costas ao Pobo Saharauí, nin moitísimo menos, simplemente que nesta moción o que eles non entenden é por que aparece un partido político, definido, concreto, e que non é representativo de todo o Pobo Saharauí, como é o Frente Polisario, o que si están loxicamente de acordo é co goberno lexítimo da República Árabe Saharauí.

Conclúe dicindo que simplemente coa retirada da mención ao Frente Polisario, eles aprobarían a moción. Desta outra forma manterán a súa postura da comisión.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, manifesta que o seu grupo vai votar favorablemente esta moción, e quere dicirlle ao compañeiro do grupo do PP que esta non é unha moción que trouxera aquí o Goberno, esta é unha moción que a Delegación Saharauí para Galicia mandou ao concello. Por suposto eles non son quen para, nin quitar, nin engadir absolutamente nada á moción.

Conclúe reiterando que pola súa parte non van quitar o punto ao que o Sr. Mora se referiu.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai manter o voto emitido nas comisións informativas, que é favorable.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que eles subscriben o texto da moción na súa integridade, e van votar a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballeda Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo celebran e felicitan a solidariedade galega co Pobo Saharauí, e á Delegación Saharauí en Galicia por traer esta iniciativa.

Di que el particularmente, cada vez é máis refractario a traer aos plenos mocións que non teñen que ver co goberno municipal en sensu stricto, é dicir, coas cuestións que afectan de maneira moi directa a un concello. Con todo celebra que se traian mocións deste tipo, porque moitas veces cando saen de aquí a xente dilles que todos os grupos están de acordo en moitas cousas, e que no fondo non os separan cuestións ideolóxicas, e que se

todos están de acordo e se unen... e ese tipo de retóricas vacuas e de palabras baleiras. E el cre que esta moción amosa moi ás claras un punto de vista total e absolutamente diverxente sobre o mundo no que viven. E dille aos presentes que, abusando da súa paciencia, vaise deter sequera por un minuto nela.

Manifesta que nada é gratuito na redacción desta moción, ben o sabe un pobo que leva loitando contra o colonialismo durante séculos, como é a xente saharauí, a xente do Sáhara Occidental.

O que se pide é un recoñecemento explícito para o Frente Polisario, non porque o Frente Polisario teña vocación de partido único, ou de representar univocamente a voz de todos e cada un dos saharauís, senón porque froito das políticas de deportación, froito das políticas tamén de reforestación, por así dicilo, de repoboación que está a facer a tiránica monarquía de Marrocos no Sáhara, están tamén a promover a existencia de diversos partidos políticos, auspiciados por Marrocos, co fin de que distorsionen a voz do Frente Polisario. Queren construír unha sociedade total e absolutamente artificial, que sexa fiel aos seus intereses e onde a voz do Polisario fique dalgunha maneira calada, difuminada nos campamentos de refuxiados de Tinduf, mentres no Sáhara florecen outros partidos políticos.

Continúa dicindo que falou o Sr. Mora Pita da Veiga de que en representación de España, díxoo así, España non é, España... di que el non vai discutir que fale en representación de España, ao fin e ao cabo é un representante do partido que a día de hoxe goberna o Estado español, pero si lle pide que se deteña minimamente nalgunhas das súas palabras. Falou de enfoque gradual e progresivo dos dereitos humanos e el preguntalle como é un enfoque gradual e progresivo dos dereitos humanos, que che poda dar, pero pouco, que poda eliminar a túa aldea, pero pouco, que poda masacrar aos teus nenos e ás túas nenas e negarles o ensino e a sanidade, pero despois permite que lle leven gafas ou xoguetes ou que os acollan no verán. Pregunta se ese é o enfoque gradual e progresivo dos dereitos humanos.

Dicía Castelao que os españois son uns imperialistas fracasados, di que el non se sente español, e menos parte dun Estado como este, que fixo un deixamento tan sangrante das súas funcións co Pobo Saharauí nos últimos 40 anos, porque, aínda hoxe, legalmente España é administradora dese territorio que gobernou como unha colonia, que gobernou como unha provincia. Aí hai xente que ten coches con matrículas españolas, aí hai xente que ten DNI español, e ao PP que tanto fala de España e da unidade de España, e de toda esa *morrallada*, deberíalle caer a cara de vergonza diante da masacre sistemática á que somete Marrocos ao Pobo Saharauí.

Continúa dicindo que se alegra fondamente de que se absteñan, alégrase profundamente de non votar o mesmo que o PP nesta moción, para cando saian á rúa e a xente lles diga que todos os políticos son iguais e que están de acordo en moitas cousas, pois nalgunhas afortunadamente non están, e dende a modesta representación do BNG nesta cámara municipal, di que van apoiar esta moción cun viva á autodeterminación do Pobo Saharauí, e seguros que están na súa vitoria. Tardarán o que teñan que tardar, pero cando un pobo está decidido a loitar pola súa liberdade e polo futuro das súas xeracións máis novas, a única condena que ten é a de vencer. E con eles estará o Bloque ese día, mentres o PP estará facendo negocios con Marrocos.

O Sr. presidente solicítalle ao voceiro do BNG que vaia rematando a súa intervención.

Don Daniel Carballeda Rodríguez conclúe dicindo que, por certo, aquí hai enfoque gradual dos dereitos humanos e todo iso, pero o PP non fai as mesmas denuncias con Marrocos que as que fai moitas veces gratuitamente con outros países, nomeadamente sudamericanos, que tamén decidiron hai tempo que querían gobernar eles mesmos o seu destino.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu grupo vota a prol.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito, manifesta que tamén vota a prol.

Concedida a palabra a don Manuel M^a Mora Pita da Veiga manifesta que é verdade que el non representa a España, nin fala en nome de España, nin moito menos, o que ocorre é que o Bloque podería telo feito no Parlamento nacional, pero perdón, xa non ten representación e non vai poder facelo, pero ben, outros tempos mellores virán. Iso quere dicir que o pobo non ten confiado neles, e por iso os ten relegado do Parlamento.

Cando dixo que hai un compromiso por parte de España nos dereitos humanos, e que hai un compromiso de España para a situación humanitaria daquela xente, o que está dicindo é que España está dando pasos nese sentido, está traballando, está colaborando e está axudando.

O único que eles pediron é retirar da moción a palabra Frente Polisario, non pediron outra cousa, porque entenden que non pode ser un partido só o que lidere un tema, porque lle soa a historias pasadas de totalitarismos, onde unha soa entidade intenta gobernar ou erixirse en representante de todo un pobo. Dilles que non, non é verdade, non representa a todo o pobo, polo tanto, por iso eles piden que se retire esa expresión. De non retirala, por suposto, manterán a súa postura, que será abstención, iso entendendo, efectivamente, que o Pobo Saharauí necesita toda a axuda que se lle poida prestar, e máis da que se lle está prestando, pero o Frente Polisario non ten porque ser o protagonista deste tema.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que a forza dos votos loxicamente non dá a razón, el é perfectamente consciente da representatividade que ten o BNG, pero por certo lémbrale ao Sr. Mora que fixo, non sabe se está *gagá*, pero fixo unha serie de consideracións nas comisións informativas onde fundamentaba tamén a súa abstención....

Intervén o Sr. presidente para chamar a atención do voceiro do BNG polas súas palabras.

Don Daniel Carballada Rodríguez lémbrale que falou ese día da bandeira saharauí, el dillo con total e absoluta cordialidade, porque agora parece que esqueceu ese punto. El o que lle quere dicir, é que lle parecen uns terroristas, é que lle parecen uns desvergonzados, é que son uns auténticos impresentables, e a responsabilidade do PP no caso saharauí está á luz de todos os focos.

O Sr. presidente pídelo ao voceiro do BNG que reconsidera as súas palabras.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que retira o que ten a ver co Sr. Mora Pita da Veiga, e pídelo desculpas pola súa belicosidade verbal. Cre sinceramente que el tampouco estivo moi afortunado, pero si cre que o PP na súa acción de goberno contribuíu á masacre e á eliminación sistemática do Pobo Saharauí, e iso críao antes de entrar neste pleno, e vaino seguir crendo despois.

Di que lle poden botar moitas cousas en cara na súa acción política, dende logo unha é a primeira, que é ser sincero, ser honrado e dicir as cousas de cara e mirando aos ollos. El cre que o PP ten unha actitude total e absolutamente cómplice e condescendente coa ditadura marroquí que masacra ao Pobo Saharauí. Di isto con todo o respecto, con toda mesura, pero tamén con toda clareza e con toda contundencia.

Conclúe dicindo que non están no Parlamento español, é certo, pero de momento están no Concello de Cambre, e van defender as súas posturas, con toda a forza que lles dan os votos dos veciños de Cambre.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's), e o concelleiro non adscrito. Abstéñense os seis concelleiros do PP.

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdG-PSOE. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE respecto dun plan de formación para a obtención do carné de manipulador de produtos fitosanitarios de nivel básico

Rexistrada de entrada ao núm. 0/1424 o día 19 de febreiro de 2016. Consta do seguinte teor literal:

“Dende o 25 de novembro do pasado ano só se poderán vender fitosanitarios para uso profesional a titulares dun carné de aplicador-manipulador destes produtos tal como recolle o Real decreto 1311/2012 de uso sostible de produtos fitosanitarios, como transposición da Directiva 2009/128/CE do Parlamento Europeo e do Consello pola que se establece un marco de actuación comunitario para conseguir un uso sostible dos praguicidas.

En teoría esta medida só afecta a profesionais, pero a lista de compostos que precisan autorización é tan ampla, que fai que na práctica sexa imposible adquirir ningún produto sen carné.

En contraposición a esta problemática a Xunta de Galicia non estableceu unha oferta formativa axeitada para poder facer fronte á demanda existente por parte de persoas interesadas en adquirir este carné, nin desenvolveu ningún plan especial para facilitar a todos/as interesados/as o acceso a esta. De feito nos atopamos co paradoxo de que moita xente está acudindo a comunidades autonómicas limítrofes para poder adquirir esta titulación.

Polo exposto anteriormente, o Grupo Municipal dos Socialistas de Cambre presenta a seguinte moción para o seu debate en pleno:

Instar á Xunta de Galicia a:

Primeiro: Programar para o ano 2016 un plan especial e específico, de xeito inmediato, que dea resposta á demanda de todos os/as alumnos/as que queiran acceder a formación precisa para obter o carné de manipulador de produtos fitosanitarios de nivel básico.

Segundo: Adaptar ese plan ás necesidades e especificidades dos/as alumnos/as facilitando o máximo permitido o acceso á dita formación.”

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, manifesta que eles van estar de acordo con esta moción, aínda que pensan que xa se está traballando nesta materia. Agora mesmo os cursos on-line, que son os que está reclamando a xente, están sendo ofertados a través dos sindicatos agrarios. Non obstante, todo o que se poida mellorar nese sentido, están de acordo.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, manifesta que o seu grupo vai votar a prol da moción.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, celebra que esta moción, que o Partido Socialista vén presentando en moitos concellos, tamén teña chegado ao Concello de Cambre. Como di o texto da moción, é un tema preocupante, porque dende novembro nas tendas fitosanitarias está posto o cartel de que sen carné non se venden produtos destas características.

Di que esta norma xa leva tempo que se quere implantar, e hai cousa duns 10 anos, aproximadamente, xa se impartían cursos aos agricultores para empezar a prepararse para o momento en que esta obriga entrara en vigor. De feito hai agricultores que tiñan ese primeiro carné e agora teñen que renovalo.

A día de hoxe, calquera tratamento para horta, viñedo ou explotación agrícola que sexa fitosanitario, que son a maioría dos tratamentos, soamente se venden se o comprador leva carné. E para obter ese carné hai que ir a un curso, superar un exame en centros da Administración, ou en academias homologadas. A diferenza é que na Administración eses cursos custan aproximadamente sobre 9 euros, e nas academias andan sobre 100, máis ou menos, entre 80 e 100. O problema é que a multa máis pequena vai de 300 ata 3.000.

Na actualidade os cursos que oferta a Xunta son moi escasos, tanto é así, que a Comunidade de Castela e León recibe a moitísimos galegos, constantemente, para sacar alí o carné. Como dato quere mencionar, simplemente, que no 2015 para toda Galicia se ofertaron 212 cursos. Despois hai outra opción, que é a que ao final sempre está aí como segunda alternativa, que é ir a Portugal, que tamén hai moita xente que está indo a Portugal a conseguir o carné.

Conclúe dicindo que felicitan por esta moción ao Partido Socialista e, como é lóxico, van apoiala.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo non poden menos que apoiar este tipo de moción. Eles son moi devotos de facer un seguimento do que son os dereitos dos consumidores, e procurar para eles, xa que viven nunha sociedade de consumo e hai que buscar a maior das garantías posibles, e ven que este é un caso, ao seu modo de ver, moi exemplar desa situación, onde teóricos programas, procedementos, títulos, carnés, que o que buscan é dotar dunha maior seguridade ao conxunto da poboación, e nomeadamente, neste caso, aos consumidores profesionais de produtos fitosanitarios, o que buscan tamén é un enriquecemento ilícito de xente próxima ao poder político.

Faise a norma, non hai cursos públicos, non hai por parte dos organismos públicos acceso a ese tipo de carné de maneira minimamente eficiente e de maneira minimamente proporcional á demanda, e o que comezan a florecer son empresas privadas, vinculadas moitas veces ao PP, nomeadamente, que é quen adoita levar este tipo de políticas adiante, e así, pois ben, van sacando beneficio de toda esta trangallada.

Entón, eles van loxicamente pular, van apoiar esta moción, pular porque este tipo de medidas se leven a cabo dende as Administracións públicas, a prezos realmente populares, e evitar así o enriquecemento de determinada xente, bastante popular, que sempre está á espreita á hora de facer negocio con este tipo de cuestións.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que eles están a prol desta moción. Di que, efectivamente, de momento este carné é soamente para os profesionais, e iso crea moitos problemas, porque un particular que teña un horto non pode sacalo e, por conseguinte, non pode comprar eses produtos.

É certo que moita xente está acudindo a León, pagando 120 euros por un día, o que inclúe o autobús e sacar o carné, pero o que ocorre é que ese carné non é válido, porque ten que ser o que emite a Xunta de Galicia.

Por exemplo, en Arteixo tiñan pensado inicialmente que a Xunta fixera ese curso a través do concello, que durara aproximadamente cinco días, máis ou menos, e que fora gratuíto. O que si teñen feito dende ese concello é dicirlle aos interesados que se vaian inscribindo, porque a Xunta ía dar alí o curso. O custo, que nun principio o Concello de Arteixo quería que fora gratuíto, vai ser de 8 euros, e a Xunta comunicoulles que lles tocará en abril, aproximadamente, e que se impartirá alí o curso.



Engade que eles están totalmente a prol da moción, pero si lles gustaría que o Concello de Cambre tamén fora previsor e fora solicitando xa á Xunta que tamén viñera a Cambre, para que os veciños de Cambre non se tiveran que desprazar para poder sacar ese carné.

Explica que a información que lles está dando é veraz, porque falouno onte co concelleiro de Medio Ambiente de Arteixo, el foi quen lle dixo que non valía o carné que se está pedindo en León.

Entón, á parte do que se pide nesta moción, que é que os particulares tamén poidan acceder a obter ese carné, Cambre debería solicitalo o antes posible, e realizar o mesmo que fixo Arteixo, que a xente se vaia inscribindo, para que cando a Xunta lles dea o mes, lles diga, pois maio, xuño, o mes que sexa, ter xa ese grupo de xente inscrita.

O Sr. presidente manifesta que reciben a nota e que se porán con iso.

Don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, suxire incorporar ao texto da moción a proposta feita pola voceira do GM (C's).

O Sr. presidente pregunta aos presentes se están de acordo coa proposta, e todos os concelleiros amosan a súa conformidade.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, co engadido dun punto terceiro na parte dispositiva da proposta, introducido durante o debate pola voceira do GM (C's), votan a prol os seis concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's), e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción coa seguinte parte dispositiva:

Instar á Xunta de Galicia a:

Primeiro: Programar para o ano 2016 un plan especial e específico, de xeito inmediato, que dea resposta á demanda de todos os/as alumnos/as que queiran acceder a formación precisa para obter o carné de manipulador de produtos fitosanitarios de nivel básico.

Segundo: Adaptar ese plan ás necesidades e especificidades dos/as alumnos/as facilitando o máximo permitido o acceso á dita formación.

Terceiro: A impartir no Concello de Cambre, ao igual que se está a facer noutros concellos de Galicia, o curso de formación para a obtención do carné, cun custo de 8 euros por alumno.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de ACdC-SON. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Antes de dar lectura á moción presentada, dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, pide desculpas polas modificacións do texto orixinal realizadas a última hora, que presentaron o antes que puideron. Entende

que non debeu ser demasiado complexo, porque son supresións do texto orixinal. Explica que como funcionan de xeito asemblario, sobre o texto orixinal tiveron que facer algunhas rectificacións, e de verdade que pide desculpas por esa modificación de última hora.

C) Moción do grupo municipal de ACd-SON: “Sen igualdade non hai democracia”

Rexistrada de entrada ao núm. 0/1418 o día 19 de febreiro de 2016, e modificada segundo escrito rexistrado de entrada ao núm. 9/0013 o día 23 de febreiro de 2016. Consta do seguinte teor literal:

“A desigualdade é a realidade que rodea a vida das mulleres, en todas partes do mundo. Diferentes son os graos, ou a forma na que se amosa esa desigualdade. Pero en todas e cada unha das sociedades, culturas e relixións, as mulleres seguen estando nunha posición subordinada; as mulleres seguen sendo cidadás de segunda.

É indubidable que nas últimas décadas progresouse (nuns lugares máis que noutros), pero iso non pode conformarnos como sociedade, como administracións, como responsables institucionais. Debemos traballar para conseguir que Cambre sexa un espazo exento de discriminación e desigualdades.

Debemos desenvolver políticas públicas dirixidas á sensibilización cidadá, ás medidas sociais e laborais que sitúe ás mulleres en situación de igualdade, para poder facer realidade que as mulleres sexan, tamén, cidadáns con plenos dereitos.

Facemos un recoñecemento expreso á loita histórica do movemento de mulleres e recoñecemos o feminismo como ferramenta insubstituíble para conseguir elementos definitivos e consolidables de igualdade para todos e todas.

Casos concretos por desgraza sufrímolos cada día. Como exemplo sirva a denuncia que a Plataforma galega polo dereito ao aborto vén de facer público. Existe un incumprimento dos mínimos esixidos na atención ás mulleres cun aborto no segundo trimestre da xestación. O colectivo denuncia que tras a indución do parto, as mulleres vense obrigadas a parir ao seu fillo ou filla morta sen a debida asistencia especializada e a miúdo no propio cuarto onde se atopan hospitalizadas. Esta situación de por si inadmisíble e moi dolorosa no psicolóxico, vese acompañada pola ausencia de anestesia que acompañe o proceso de parto. Unha situación incomprensible, canto máis se a isto lle sumamos que a denuncia feita pública traslada que en troques de prestar esta atención tense mesmo ofertado o desprazamento fóra da nosa comunidade autónoma para poder recibila.

A realidade denunciada é arrepianante: mulleres que perderon á súa filla ou fillo obrigadas a parilo morto, en soidade e soportando dores. Queda de manifesto, por tanto, unha forma máis de violencia contra as mulleres.

Por iso, dende esta Corporación municipal, comprometémonos coas seguintes medidas:

Primeira: Constitución da Concellería de Igualdade, Muller e Familia con competencias e orzamento adecuado, dende onde se deben coordinar as políticas transversais para a igualdade entre mulleres e homes.

Segunda: Aprobar uns orzamentos específicos para programas de igualdade de xénero. Partindo do compromiso de aumento anual do orzamento para políticas de igualdade de xénero, coa obriga de acadar polo menos un 5% nos vindeiros 4 anos.

Terceira: Constitución do Consello Sectorial da Muller, con incidencia real nas políticas institucionais que afecten de maneira especial ou específica á vida das mulleres.

E dende esta Corporación municipal elevamos ao Goberno Central e Autonómico, segundo corresponda, as propostas seguintes:

Primeira: Despenalización total do Código Penal da interrupción voluntaria do embarazo, partindo do recoñecemento do dereito ao IVE baseado na libre decisión da muller e que garanta a súa práctica nas 14 primeiras semanas na sanidade pública. Ademais esta cobertura, na sanidade pública, debe estar garantida en calquera momento da xestación se supón un perigo para a vida das mulleres. Garantir o dereito ao aborto das mozas de 16 e 18 anos.

Segunda: Pacto de Estado conta a violencia de xénero, que debe pasar por unha modificación da Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, para dotala dun carácter verdadeiramente integral, onde se recollan todos os tipos de violencia de xénero, se desenvolvan as medidas de prevención e sensibilización social, se recollan unha rede de recursos reais e efectivos e se responsabilice e estructure as competencias e responsabilidades das diferentes administracións públicas.

Terceira: Políticas activas contra a explotación sexual das mulleres e pola abolición da prostitución.

Cuarta: Facerlle un requirimento de información á Xunta de Galicia a través da súa Secretaría Xeral de Igualdade, sobre a vulneración de dereitos das mulleres que se están a producir naquelas que se someten a unha interrupción voluntaria do embarazo na área sanitaria da Coruña. En relación con este punto trasladarase a información requirida e obtida, á Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto.”

Concedida a palabra a don Juan M^a Abalo Castex, concelleiro do PP, manifesta que aceptan as desculpas presentadas pola representante de ACdC-SON, porque cando viron o texto orixinal que se lles mandou, a verdade é que estaban un pouco asustados da proposta que se lles enviara.

Centrándose xa no texto definitivamente presentado, di que deben advertir que, a pesar da dita modificación, pouco poden secundar del, máis aló do título que lle antecede, xa que se ben cren, evidentemente, que sen igualdade non hai democracia, e tamén comparten a necesidade da creación dunha Concellería de Igualdade, Muller e Familia, non poden dicir o mesmo da maior parte das iniciativas presentadas.

Aprobar orzamentos específicos para programas de igualdade de xénero, cando a día de hoxe levan neste concello un atraso de máis de catro meses respecto da data legalmente prevista para a presentación inicial dos orzamentos xerais da Corporación, que son os prorrogados actualmente do ano 2014, parece unha tarefa dabondo difícil, sobre todo se se pretende establecer unha obrigação de consignar para os ditos fins, polo menos un 5% do orzamento municipal nos vindeiros catro anos. Polo tanto, di que xa hai razóns de oportunidade respecto da presentación da moción que non poden compartir.

Polo que se refire ás propostas de elevar ao Goberno central e autonómico a despenalización do aborto libre, baseado na libre decisión da muller nas primeiras 14 semanas de xestación, e o das menores de idade maiores de 16 anos, supón unha esixencia por completo allea ao consenso e á sensibilidade minimamente esixibles en asuntos tan delicados como o que están tratando.

A esixencia de garantir o dereito das menores de idade, maiores de 16 anos, ao aborto, pretende obviar o consentimento do seu titor e, polo tanto, volver, mediante a derogación da recentemente aprobada Lei orgánica 11/2015, do 21 de setembro, de reforma da propia Lei do aborto e reforzamento da protección das menores, ao sistema imperante antes da modificación recentemente aprobada polo Parlamento nacional.

En canto á modificación da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, reguladora das medidas de protección integral contra a violencia de xénero, comparten, como non podía ser doutro modo, os problemas que a violencia de xénero está provocando na sociedade. Pero non poden dicir o mesmo da modificación legislativa pretendida, pois neste caso, como noutros tantos, modificación non é sinónimo de mellora, sobre todo se teñen en conta que a vixente lei, cos seus 72 artigos, 5 títulos, 20 disposicións adicionais, 2 transitorias, 1 derogatoria e 7 finais, regula, pode que nunca suficientemente, pero si profusamente, as materias que están recollidas nela, iso sen prexuízo de que esas materias puideran necesitar unha implementación regulamentaria que desenvolva os problemas advertidos por medio de procedementos moito máis áxiles que os propios dunha modificación legislativa, de forma que se permita adaptala ás necesidades de cada momento e, sobre todo, dun desenvolvemento orzamentario no que non deben aforrar esforzos, co cal, evidentemente, dende o grupo municipal Popular están conformes.

Finalmente di que tampouco comparten que por parte deste concello deban requirir información á Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Igualdade, sobre posibles disfuncións en abortos provocados na área sanitaria da Coruña, para despois trasladar a información remitida por esta á Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto, entendendo que a dita plataforma é a que deberá dirixirse directamente, no caso de que así o estime procedente, á Administración autonómica, máis concretamente ao Servizo Galego de Saúde, ao SERGAS, que é o competente na materia, sen necesidade de intermediarios de ningún tipo, e menos de Administracións públicas.

Conclúe dicindo que, polos motivos que foron expostos, obviamente non poden aprobar a moción presentada por ACdC-SON, razón pola cal o voto do Grupo Municipal Popular vai ser contrario á súa aprobación.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, en primeiro lugar, como profesional sanitario quere facer unha declaración, que os profesionais sanitarios actúan sempre baixo protocolos da administración sanitaria galega, non é culpa de que os profesionais se neguen, quere deixar iso claro, que non é culpa dos sanitarios ou dos anestesistas que non queren poñer unha epidural, nin moito menos, senón que hai un protocolo, e dentro dese protocolo non está encadrado o aborto terapéutico.

Dito isto, quere dirixirle unha pregunta á Sra. secretaria, xa que ten as súas dúbidas. Eles están a prol da moción, pero ven problemas nos compromisos que se queren adquirir dende a Corporación municipal, por iso lle gustaría que a secretaria lles aclarase se son competencias deles algunhas das propostas recollidas nos puntos un, dous e tres, pois el cre que algunhas non o son.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, manifesta que están a prol da moción, agás cos tres puntos que xustamente acaba de mencionar o voceiro do PSdeG-PSOE. Se lles parece ben agardan a que a secretaria conteste, e se despois o Sr. presidente ten a ben volver a dar unha rolda de intervencións, manifestaranse despois de saber a resposta da secretaria.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo tamén están expectantes ante o que poida dicir a Sra. secretaria, pero están moi de acordo co sentido desta moción, máxime despois de escoitar a argumentación do PP, que de súpeto se acaba de converter nun partido antisistema. Acaba de afirmar o concelleiro do PP que o Concello de Cambre non debe requirir información da Xunta diante de casos de denuncia pública, onde mulleres están denunciando que teñen que abortar de pé nos servizos do hospital de referencia.

Dilles que si, dille que si á concelleira dona M^a Jesús González, do PP, pídlle que lea a prensa, que si, que escoite a emisión de Radio Coruña do pasado xoves, insiste en que si, tal cal, no hospital público de referencia, e a maiores diso en situacións total e absolutamente draconianas.

O que o PP dixo é que o Concello de Cambre non debe pedirle información á Xunta sobre esa casuística. Si que o dixo, pregúntalle se o dixo ou non o dixo, e se non o fixo, pídlle se lle aclare o que dixo, por favor llo pide, porque se non o dixo el retira as súas palabras.

Concedida a palabra a don Juan M^a Abalo Castex expón que, como sempre, parece ser que o representante do BNG ten unha interpretación do que os demais din. O único que querían dicir é que consideran que non é o conduto que se debe utilizar o de solicitar información para outorgarlla a unha plataforma, nada máis.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que perfecto, que xa lle explicarán noutro pleno cal é o conduto. Se diante dunha situación así, na que no hospital de referencia que lle toca a este concello se están dando esas prácticas, o que o grupo municipal do PP está dicindo é que actúe o silencio administrativo, e que esa asociación, que ten loxicamente unha carencia de medios porque non ten un carácter público institucional, como por outra parte sería desexable, se as arranxe ela. Iso porque o que os concelleiros do PP non están dispostos a facer é poñer nun apuro aos seus compañeiros na Xunta de Galicia.

Di que el concorda cos seus argumentos, non fai falta que os aclaren, que por certo xa os aclararon a petición súa, porque no BNG teñen a gala ser bastante demócratas, e se meten a pata en algo, intentan solucionalo.

Pero ben, dixo o Sr. Abalo tamén unha serie de verdades respecto dunha hipotética modificación da Lei do aborto, dixo que modificación non é sinónimo de mellora, e dende logo nas mans do PP por suposto que non. E puxo en dúbida a utilidade ou, en fin, a idoneidade de que as mulleres de entre 16 e 18 anos que quedan embarazadas poidan decidir por si mesmas. No PP o teñen moito máis fácil, porque van a Londres, porque collen un billete de Vueling e van ver alí o Albert Hall, e van ver á prima de Londres, e alí abortan sen ningún tipo de problema e sen excomunión papal. Ese é o Partido Popular e a súa dobre vara de medir.

Toma a palabra o Sr. presidente para pedirles aos concelleiros que respecten a quenda de palabra e manteñan a orde.

Os concelleiros do PP manifestan que están sendo insultados.

Don Daniel Carballada Rodríguez responde que non, que o que está é criticando a dobre vara de medir.

Don Juan González Leirós reitera que é el quen está exercendo a presidencia, volve pedir calma e pídelles ao voceiro do BNG que vaia rematando a súa intervención.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que si, que remata xa. Manifesta que o BNG entende esta moción moi acaída en todo o que ten que ver co reforzamento das garantías que se teñen que dar a nivel autonómico, esa parte de instar á Xunta e de requirir xustamente información á Xunta, porque esta problemática, e xa lle adianta á Sra. Marta Vázquez que non lle vai gustar o que vai dicir, esta problemática onde as mulleres teñen que expulsar fetos de pé nos servizos dos hospitais públicos, como pasa na Coruña, só pasa en comunidades autónomas onde goberna un partido que se chama Partido Popular.

Conclúe dicindo que están diante, pois, dunha cuestión política. Dende ACdC se lle tenta dar unha solución política, e teñen por suposto todo o seu apoio. O BNG está aberto a un consenso sobre esas tres medidas para ver como darlle un encaixe institucional a nivel do Concello de Cambre, contando co Goberno municipal.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que eles nesta moción perciben que se mesturan moitos temas, nalgúns están de acordo e noutros non, porque tanto é a violencia, como o aborto, como os salarios. Entón, nun principio, á espera da explicación que lles poida dar a Sra. secretaria, nun principio o seu voto sería en contra, porque cada partido ten o seu posicionamento e eles hai algunhas cousas coas que non están de acordo.

Toma a palabra o Sr. presidente para sinalar que, entón, vanlle pedir á Sra. secretaria que informe sobre o contido da moción e pídelles ao voceiro do PSdeG-PSOE que expoña as dúbidas para as que solicita asesoramento.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez manifesta que se trata das medidas ás que dende a Corporación municipal se deberían comprometer, xa que cre que, ao mellor, algunhas das competencias que se esgrimen non forman parte das que eles teñen. Por exemplo, a primeira el cre que non é competencia súa, iso na súa opinión, porque el ten pouca experiencia, pero cre que dende decembro hai unha normativa en que Servizos Sociais pasaría a depender da Xunta de Galicia e, en consecuencia, os orzamentos el cre que a partir dese momento non se poderían ver incrementados dende o concello. Son competencias novas que non terían, na súa opinión.

Concedida a palabra á secretaria municipal, manifesta que, efectivamente, respecto do primeiro punto, a constitución dunha Concellería de Igualdade, en realidade corresponde ao Sr. alcalde. É competencia do Sr. alcalde crear as concellerías, as áreas, para así determinar a actuación dentro do concello.

E sobre todo, en canto ao punto segundo e terceiro, como xa tamén se comentou aquí, tense modificado a Lei de bases do réxime local, e agora as competencias dos municipios en materia de igualdade, muller e familia son nulas. Soamente se poderían incluír temas dentro do apartado do que antes era Servizos Sociais, que agora tamén quedou reducido, pois quedaría inmerso no estudo de determinadas situacións dentro do artigo 25.2.e), que é a avaliación e información de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social. O que é no resto, o artigo 25 non recolle para nada esas materias.

Continúa explicando que si se recollen, pola contra, no artigo 27 da Lei de bases do réxime local, onde precisamente establece que o Estado e as Comunidades Autónomas poden delegar nos concellos, entre outras materias, a promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller. Ou sexa, a igualdade de oportunidades é competencia ou do Estado ou da Comunidade Autónoma, segundo os estatutos de autonomía, e o mesmo pasa coa prevención da violencia contra a muller. Ou sexa, só en determinados casos puntuais este tipo de cuestións poderían ser tratadas no concello, e serían encadradas dentro desa avaliación, información e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social. Aí fálase de familia, de muller, pero de igualdade de oportunidades, non, e tampouco de prevención da violencia contra a muller, e familia igual. En conclusión, as competencias son da Comunidade Autónoma ou do Estado, no seu caso, que poden delegar nos concellos coa correspondente dotación orzamentaria.

O que si efectivamente pode seguir desenvolvendo o concello son aqueles programas, aquelas actividades que viñeran prestando antes da entrada en vigor da modificación, a 31 de decembro do 2015, sempre que non haxa problemas de estabilidade orzamentaria. Aqueles programas e actividades que viñeran prestando, e que xa non son competencia do concello, poden seguir prestándoos, sempre e cando non haxa problemas de estabilidade orzamentaria. Isto agás que o interventor diga outra cousa ao respecto.

O Sr. presidente manifesta que se ten mencionado aquí varias veces o tema dos orzamentos, polo que el lle preguntaría ao Sr. interventor se ten algo que dicir.

Concedida a palabra ao interventor municipal, manifesta que é un pouco o que viña dicindo a secretaria. Coa modificación da Lei de bases do réxime local concretáronse as competencias propias dos concellos, e establecéronse unha serie de competencias que se poden delegar por parte da Xunta. Mentres non se produza ningún convenio coa Xunta, no cal se delegue a competencia e o seu financiamento, establecer políticas de igualdade tal e como se veñen establecendo, como unha materia de servizos sociais, sería complexo, no sentido de que poderían contravir o que vén pedindo a lei.

E logo, evidentemente, se son outras políticas ou outras medidas relativas á igualdade, que non teñan unha consideración como políticas de igualdade como tal, por exemplo como fomento en temas de subvencións, fomento noutro tipo de materias, nas que si se pode priorizar a igualdade, neses casos si que se podería facer, pero evidentemente as que teñan un custo económico e non estean vinculadas a un traspaso de fondos por parte da comunidade autónoma, virían a contravir un pouco o establecido na reforma que se fixo pola Lei 27/2013.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que quere que conste en acta a súa máis enérxica protesta. O seu grupo está aquí representando aos cidadáns de Cambre, e o que non vai permitir é que ningún compañeiro desta Corporación os insulte, porque está tamén insultando a todos os veciños de Cambre que os puxeron aí para representalos, e eles o que fixeron foi posicionarse ante unha moción, co seu criterio.

Que se lles chame terroristas, que se lles diga que levan ás súas fillas a Londres porque poden permitíselo, paseando por non sabe que rúas de Londres, tampouco o vai permitir. Polo tanto, pídelles ao Sr. presidente que ao representante do BNG lle faga retirar o que acaba de dicir, porque está a chamalos de todo.

Di que esa é a súa enérxica protesta. A posición de cada un en calquera moción, é a de cada un. El xamais ten insultado a ningún membro desta Corporación, a ningún, nin desta nin da anterior, a pesar de que a el en certas ocasións chamárono de todo, ata asasino.

Concedida a palabra a don Juan M^a Abalo Castex manifesta que, reiterando as palabras do seu presidente e voceiro, exclusivamente dicir que o que lles dixo a secretaria e o interventor, que son os dous funcionarios de habilitación nacional, cre que vén a avaliar o criterio que tiñan eles da imposibilidade ou dificultade de aprobar esta moción.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros manifesta que eles querían facer unha proposta a ACdC, porque estando de acordo co texto da moción que traen hoxe a este pleno, fan a suxestión de retirar os tres puntos que competen ao Goberno municipal, as tres medidas que a secretaria acaba de aclarar agora, se as retiran van votar a prol da moción, en caso de non facelo, van votar en contra.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez manifesta que, como dixo antes, están ao informe preceptivo da secretaria respecto deses tres puntos, e se os retiran van votar tamén a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que o que ocorre é que claro, na anterior rolda leu a moción, e pensou que ía falar a secretaria e que despois ía poder, precisamente para contestar a iso, facer a súa rolda de intervencións.

Respecto da segunda proposta, a de aprobar os orzamentos específicos, e para non ter que tomar esa decisión agora, eles poderán nun momento determinado facer un estudo da situación e ver, de acordo coa normativa, como se podería incluír. Nese caso traerían outro tipo de iniciativa e, evidentemente, nese sentido non hai ningún problema por retirala.

Respecto da primeira, efectivamente, sendo esta unha moción, e sendo competencia do alcalde constituír a Concellería de Igualdade, contradicindo ademais o que dicía a concelleira de Ciudadanos, que dicía que mesturaban moitos temas, que si, que os mesturan todos, porque están falando de igualdade de xénero, entón evidentemente de desigualdade social, desigualdade laboral, desigualdade de todo tipo de dano e de agresión contra as mulleres, por iso se mesturan estes temas, se todos están de acordo en que é necesario esa Concellería de Igualdade, entende que, se están de acordo co texto, sería suficiente con modificalo e dicir en lugar de constituír a Concellería de Igualdade, instar ao alcalde a que constituía a Concellería de Igualdade. Nese caso si que sería acorde coas súas competencias.

Igualmente coa terceira, instar, nese caso a quen sexa competente, a que constituía o Consello Sectorial da Muller. É dicir, retirar a segunda e modificar, adaptar á norma, a primeira e a terceira, posto que o sentido manifestaron que é exactamente o mesmo.

Continúa dicindo que quería facer algunha pequena puntualización respecto do que dixeron os compañeiros do PP, os comentarios que se fixeron, e explicar brevemente o motivo e o texto da moción que presentan.

Respecto do tema da Concellería de Igualdade e Muller, é dicir, o de instar ou solicitar ao alcalde que a constituía, é basicamente porque a día de hoxe é unha área sen concelleira, sen concelleiro, que leva presuntamente un alcalde que en realidade pois non saben exactamente que é o que está facendo con esa área tan importante. No pleno pasado, no do mes de xaneiro, que tamén presidía o Sr. Leirós, presentaron un rogo no que requirían información sobre as xestións que se realizaran durante o transcurso dos meses de novembro e decembro de



2015 e xaneiro de 2016, nesa área concreta. O Sr. Leirós comprometéase a que lles ía contestar por escrito, e non teñen resposta escrita das xestións que se fixeron nesa área, é dicir, que entenden que non se fixo ningunha.

Respecto de instar a creación do Consello Sectorial da Muller, pois polo mesmo, é tan necesario como calquera dos outros, é o que detecta se hai desigualdades no concello, e é o que atalla esas desigualdades. Como un dato, simplemente, dende que comezaron esta lexislatura en Cambre incrementouse o desemprego entre as mulleres, e diminuíu entre os homes.

Por contestar tamén ao PP, rapidamente, dilles que evidentemente con isto pasa como coa moción anterior, non van coincidir, claro que non van coincidir, iso o tiñan clarísimo, e ademais é necesario que non coincidan, porque están nas antípodas de ideoloxía neste tema. Explica que o presentaron dese xeito e con ese texto, porque a día de hoxe dáse o paradoxo de que en determinadas clínicas privadas en España, unha nena, unha muller entre 16 e 18 anos, pode abortar sen consentimento dos seus pais, e non pasa nada absolutamente, miran para outro lado. A día de hoxe tamén con 16 anos unha muller pode casar, pode traballar, pero necesita autorización dos pais para abortar, e iso é responsabilidade deles regulalo desa forma, e que non acudan as nenas a abortar de forma clandestina e con complicacións moi grandes.

Respecto do pacto de violencia de xénero, dicir simplemente que é imprescindible e é urxente que leven a cabo medidas rápidas, efectivas e contundentes respecto dese tema. Nos últimos anos houbo cada vez máis recortes nas políticas contra a violencia de xénero, e iso plásmase na cantidade de mulleres mortas que teñen ano tras ano, e cada vez son máis e máis mulleres mortas, e iso é consecuencia directa dos recortes neste tipo de políticas.

Respecto do tema que comentaba a concelleira de Ciudadanos, a día de hoxe a violencia de xénero está definida de xeito moi restrictivo, dise que é a que exerce a túa parella ou exparella, e esa definición hai que cambiala, porque violencia de xénero son todos eses temas, económico, sexual, laboral, publicitario e prostitución.

E respecto do tema do Materno, nese tema evidentemente que teñen que ser eles os que o leven, e os que pregunten, e os que preman á Xunta de Galicia para que conteste, porque a plataforma á que fan referencia leva cinco anos consultando isto, cinco anos e non ten resposta da Xunta de Galicia, e nos últimos catro anos hai máis de 70 casos rexistrados no Hospital Materno Infantil.

Por suposto que son eles os que teñen que instar e que requirir e que premer á Xunta de Galicia para que lles conteste. Decía o xefe de obstetricia e xinecoloxía de Ourense, o Sr. José Luis Doval, que no seu hospital de vez en cando aínda practican algún aborto euxenésico a embarazadas de máis de tres meses, en casos moi, moi claros, pero se no cambio de quenda entra unha matrona ou un médico obxector, a paciente queda sen protección. Ese é o problema.

Por todas estas cuestións, conclúe dicindo que cre que é importante que saia hoxe de aquí, que defendan e que leven adiante a maior cantidade de texto na que todos estean de acordo. Entende que é a inmensa maioría, con esas puntualizacións, e pide un exercicio de responsabilidade, porque as mulleres de Cambre, a día de hoxe, están desprotexidas.

Concedida a palabra a don Daniel Carballeda Rodríguez manifesta que, de maneira breve, vai explicar o posicionamento do grupo municipal do BNG, que non ten deputados en Madrid, respecto desta moción, logo das cuestións aquí faladas.

Di que o seu grupo municipal, que representa a un partido e a unha organización política, non tiña deputados en Madrid cando se debateu a reinstauración en España do matrimonio civil, coa oposición no seu momento do PP, naquel momento Alianza Popular, que dicía que o matrimonio era unha institución unicamente católica.



O seu grupo político, sen deputados en Madrid, defendeu o dereito ao divorcio, co voto en contra, no seu momento, nas Cortes, de Alianza Popular.

O seu grupo político defendeu no seu momento o dereito ao aborto e a súa despenalización no ano 85, tamén sen representación nas Cortes, co voto en contra da dereita española, co voto en contra, naquel momento, de Alianza Popular.

E o seu grupo político, naquel momento si con representación nas Cortes, deu un debate moi importante, e un pulo moi grande, para que en toda España puidera haber un matrimonio igualitario, para que se puideran casar as persoas do mesmo sexo, co voto en contra do PP.

Di que el deséxalles que voten aquí o que queiran, con total e absoluta liberdade, e deséxalles tamén que se poidan casar polo civil, polo católico ou polo criminal, que se poidan divorciar cando o teñan a ben, que poidan exercer o aborto como un dereito e non como un delito despenalizado, e tamén que se poidan casar con quen queiran, con independencia do seu xénero.

Conclúe dicindo que eles van defender o que defenderon sempre, que son os ventos do progreso, da liberdade e da igualdade, neste caso moi especialmente nun tema tan sensible como é o da muller, e a partir de aí, el, como voceiro municipal dunha forza política que non ten deputados en Madrid, vaise permitir un xesto de chulería, dicíndolle publicamente a esta Corporación, e aos veciños que están aquí, que non vai entrar ao trapo de debates con xente que está investigada por meter a man na caixa, e procesada xudicialmente neste momento, a iso non se rebaixa.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo manifesta que manteñen a súa posición, o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito, manifesta que o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que el non entende como o Sr. Leirós, como representante, como presidente desta Corporación municipal, permite que a un representante público se lle poida insultar de tal maneira. A chulería da que presume o representante do BNG, dicindo, chamándoos ladróns, nunha palabra, a todo o mundo e por igual. Porque claro, se el chamase ao Sr. alcalde ladrón, e ao minuto seguinte, porque lle tiran das orellas, retira esa palabra, a palabra ladrón xa se dixo publicamente, e el cre que iso non se pode permitir nunha Corporación seria, ou non se debe, e esa é a responsabilidade do Sr. presidente.

Toma a palabra o Sr. presidente para sinalar que os problemas que se formulan entre o BNG, neste caso o Sr. Carballada, e o PP, esas formulacións dialécticas, que son interpretables en canto á posición de un e a posición doutro, son interpretables respecto de como se din, agás certas cuestións como son terrorista, expresión que o Sr. Carballada ten retirado. Son cuestións que se teñen formulado aquí neste pleno moitísimas veces, é máis, do propio Grupo Popular el tivo que recibir, sendo presidente, que cre que merece un respecto, tivo que recibir deles un certo maltrato nun momento dado, e soportouno con dignidade.

El cre que o Sr. Carballada tense expresado dunha forma para el non correcta, pero ata aquí ten chegado este punto, agás no tema da palabra terrorista, que a ten retirado. Reitera que ata aquí ten chegado o punto, e isto quedou rematado. Calquera outra consideración pídelles que a arranxen fóra de aquí, e conclúe dicindo que a presidencia non ten máis que dicir, van acabar con este punto e pasar ás votacións.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros manifesta que quería aclarar se ACdC-SON está disposto a retirar o punto 2.

Tras unhas palabras a micrófono pechado entre os asistentes, toma a palabra o Sr. presidente para manifestar que ve que é un tema que está algo confuso, que ao mellor necesita máis repouso, e o que el lles propón é levalo á Xunta de Voceiros e que sigan discutíndoo. Di que é unha proposta que pon enriba da mesa e nada máis, a voceira de ACdC-SON dirá que facer con isto.

Dona M^a Olga Santos López manifesta que o tema non está en absoluto confuso, o que estaba inicialmente confuso era se era competencia ou non era competencia, ela segue pensando que se podía presentar co texto orixinal, pero o que eles queren é unha Concellería de Igualdade, quen tamén a queira, que vote a favor, quen non a queira que vote en contra. Queren que se constitúa xa o Consello Sectorial da Muller, quen o queira que vote a favor, que non o queira que vote en contra. E retiran o punto que entenden que si é susceptible de modificación, en relación a instar ao alcalde.

Intervén o Sr. presidente para dicir que está moi claro, e pregunta se alguén ten dúbidas sobre o que se vai votar. Como non é así, pasan á votación.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro non adscrito, e votan en contra os seis concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros do PSdG-PSOE e a concelleira do GM (C's).

O Pleno municipal, por quince votos en contra, rexeitou a proposta presentada.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

De orde do Sr. presidente, a secretaria dá conta dos seguintes asuntos:

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/875 o día 1 de febreiro de 2016, procedente de Audasa, en relación cunha denuncia realizada no pleno do Concello de Cambre do día 25 de novembro. Comunican que en contestación ao e-mail recibido o 26 de novembro sobre baixantes dos canlóns dunha ponte da autoestrada AP-9 na Barcala, que din están rotos e dos que cae abundante auga sobre unha ponte de madeira que hai sobre a ría, e solicitan que lles dea unha solución, comunican que a reposición está incluída na programación de traballos de mantemento, e que antes do inicio dos traballos poñeranse en contacto co concello.

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/904 o día 2 de febreiro de 2016, procedente do presidente do Senado, no que informa que a certificación do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Cambre (A Coruña), en sesión de data 30 de setembro de 2015, contra o acordo comercial da Asociación Transatlántica para o Comercio e o Investimento (TTIP) entre a Unión Europea e os Estados Unidos de América, foi trasladada aos voceiros dos grupos parlamentarios.

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/1206 o día 12 de febreiro de 2016, procedente do Concello de Arteixo, no que o seu alcalde, en representación do concello e en nome dos seus traballadores, dá traslado do seu agradecemento ao persoal público do Concello de Cambre, polo apoio e colaboración no proxecto solidario "Móllate polos refuxiados sirios" que culminaron coa carreira-andaina do 17 de xaneiro de 2016, na que participaron máis dun millar de persoas. A recadación total superou os 9.300 euros que foron integramente doados á ONG Proactiva Open Arms.

Solicita que se dea traslado deste agradecemento a todo o persoal.

- Do informe da tesoureira municipal, de data 10 de agosto de 2015, sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao segundo trimestre do ano 2015.

O informe, referido ao último día do trimestre natural, comprende:

- Os pagos realizados no trimestre natural.
- Xuros de demora pagados no trimestre natural.
- As facturas ou outros documentos xustificativos pendentes de pago ao seu final (facturas en fase de obriga recoñecida e pago ordenado).

4.2. Rogos

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/1456 o día 20 de febreiro de 2016.

1º Entre as competencias que todo municipio debe exercer nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, o artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispón nos seus parágrafos l) e n) as de *“Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”* así como as de *“conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.”*

Sobre a base das ditas competencias municipais, teñen sido varios os veciños e usuarios do pavillón Sofía Toro de Cambre, os que trasladaron as súas queixas ao Grupo Municipal Popular respecto da existencia de goteiras nel, que incluso provocaron a suspensión das clases de ximnasia que se imparten nel aos nenos do colexio Wenceslao Fernández Flórez.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se solicite ao equipo de goberno a adopción, á maior brevidade posible, das medidas pertinentes para resolver o problema de goteiras detectado.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira do PP, manifesta que lle gustaría facer unha aclaración, que é que este problema xa ten sido resolto, entón o que queredría é que llelo corroborasen e preguntar se lles podían explicar un pouco que problemática tiña, imaxina, a cuberta.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, explica que está arranxado en certo modo, é dicir, no pavillón Sofía Toro, o mércores de cinza, de madrugada, comezou a entrar bastante auga dentro do pavillón, por culpa de que o canlón estaba tupido coas follas dos eucaliptos que hai ao fondo, por mor do temporal que houbo de vento, que encheu o canlón de follas e non desaugou, senón que desaugou para dentro.

O problema está arranxado, limpouse o canlón, de feito todos os canlóns de todas as instalacións deportivas municipais se limparon antes do Nadal, é dicir, que en cuestión dun mes e medio, con estes temporais volvéronse tupir.

Dixo que está solucionado en certo modo porque van poñer unha reixa para que non entren as follas das árbores, e non cheguen a tupir o canlón. Ademais vaise facer unha revisión unha vez ao mes e, no caso de que haxa temporal, se cómpre facela cada quince días, farase cada quince días. Salienta que este é un problema que non é só no Sofía Toro, está pasando nos catro pavillóns do concello.

O que si ten que dicir é que hai unha parte do rogo que quere desmentir. Non se suspenderon as clases, é dicir, polo menos neste curso escolar. Ela falou con Ricardo e con Diego, que son os profesores de educación física do



colexio Wenceslao Fernández Flórez, e as clases non se suspenderon, porque isto aconteceu o mércores de cinza, non había colexio, o colexio comezou o xoves, e o mesmo mércores déuselle solución ao tema. O xoves as actividades transcorreron con toda normalidade.

Si lle comentaron que foi no curso pasado, no curso 2014-2015, no que si que se tiveron que suspender as actividades no pavillón por dous días, debido a un problema similar.

Dona Rocío Vila Díaz expón que a eles o que lles comentaron é que houbo uns días, non sabe dicirille exactamente cando, podería preguntar, nos que por motivo de que estaba o chan mollado, non é que se suspendera, pero ese día non se fixo ximnasia, cre que estiveron facendo outras actividades. Di que de aí o comentario, pero que o aclarará e xa lles contará.

2º Trala constitución do novo goberno municipal de Cambre, mediante Resolución de Alcaldía núm. 1107/2015, o alcalde de Cambre asumiu, o 23 de xuño de 2015, a Área de Presidencia, na que se inclúen as funcións de comunicación e protocolo; relacións institucionais, seguridade cidadá, protección civil e policía local; información cidadá; informática e tecnoloxías da información.

Por Resolución de Alcaldía núm. 1961, do 9 de novembro de 2015, o Sr. alcalde de Cambre revoga a delegación xenérica da Área de Benestar Social e Educación efectuada a prol de don Jesús Bao mediante Resolución de Alcaldía 1111/2015, asumindo a dirección das ditas áreas, máis as propias que se tiña atribuído á Alcaldía na Resolución 1107/2015 antes referida.

Con data 17 de novembro de 2015, don Augusto Rey Moreno, presentou escrito polo que cesou nas súas funcións como concelleiro delegado nas Áreas de Economía, Facenda, Obras e Servizos, con data de efectos dende ese mesmo día.

O 23 de novembro de 2015, mediante Resolución núm. 2066/2015, don Óscar García Patiño revoga a delegación xenérica da Área de Recursos Humanos e Sanidade a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, que lle tiñan sido atribuídas mediante resolución 1111/2014, asumindo o Sr. alcalde as ditas competencias máis as propias que se atribuíra a Alcaldía na resolución 1107/2015.

Mediante Resolución 2195/2015, do 14 de decembro, o alcalde de Cambre asume as Áreas de Economía, Facenda, Obras e Servizos máis as materias atribuídas á Alcaldía en Resolución núm. 1107/2015.

É dicir, a día de hoxe, e agás erro ou omisión por esta parte, don Óscar García Patiño asume, ademais das funcións propias de Alcaldía e Presidencia, as funcións propias das Áreas de Benestar Social e Educación; Recursos Humanos e Sanidade; e Economía, Facenda, Obras e Servizos.

A iso debe engadirse que entre os días 16 ao 30 de novembro de 2015 tamén asumiu, mediante Resolución de Alcaldía núm. 1963/2015, as competencias delegadas na Área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre por ausencia do termo municipal da concelleira delegada; e que do 8 ao 22 de febreiro de 2016 (ambos inclusive) asumiu, mediante Resolución núm. 84/2016, as competencias delegadas en materia de Desenvolvemento Socioeconómico por vacacións da concelleira delegada.

Todo o anterior sen ter en conta os supostos nos que o Sr. alcalde delegou as súas competencias no Sr. González Leirós, como as realizadas por Resolución núm. 123/2016, entre os días 3 a 10 de febreiro, e por Resolución 181/2016, do 11 de febreiro, entre os días 12 a 19 de febreiro; nos que o dito concelleiro ten asumido, xunto coas competencias delegadas da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, as propias das Áreas de Alcaldía e Presidencia; Benestar Social e Educación; Economía, Facenda, Obras e Servizos; Recursos Humanos e Sanidade; e Desenvolvemento Socioeconómico.

A dita actitude parece incompatible cos principios de bo goberno que a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, impón aos nosos mandatarios municipais, entre os que destacan o exercicio das súas funcións con dedicación ao servizo público, o deber de actuar coa dilixencia debida no cumprimento das súas obrigas e a calidade na prestación dos servizos públicos, a asunción da responsabilidade das decisións e actuacións propias e dos organismos que dirixen ou o desempeño da súa actividade con plena dedicación.

Ante tan surrealista e insostible baile de competencias, que se está translucindo no desgoberno integral do noso concello provocado polo grupo no goberno, dende o Grupo Municipal Popular interésase que á maior brevidade posible se introduza a racionalidade e sentido común na forma de goberno do noso municipio, outorgándolle polo menos a dedicación persoal que resulta conforme cos criterios de bo goberno, instaurando a dirección eficaz dos nosos servizos municipais fronte aos intereses particulares ou de partido.

O Sr. presidente manifesta que a Lei de transparencia é un dos seus libros de cabeceira, a Lei de transparencia e bo goberno. Asegúralles, respectando a súa opinión, que este Goberno está funcionando con bo goberno e con transparencia.

Don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, dille ao Sr. Leirós que lle desculpará, pero que el lémbrese que cando gobernaba, ademais de ser alcalde e deputado a el atribuíanlle outras cousas, como ser presidente da Asociación de Empresarios, da Asociación Prourbanismo e xerente dunha empresa. Agora el cre que unha soa persoa está levando practicamente todas as áreas deste Goberno, agás Cultura, Deportes e Promoción Económica, o resto recaen todas nunha soa persoa.

Se ao Sr. Leirós lle parece que iso é gobernar, el non se explica como pode atendelas. Pídelle que llo explique, ou que llelo explique aos veciños, non só a el.

O Sr. presidente contesta que o Sr. Rivas sabe que este é un período transitorio, e el asegúralle, confírmalle e reafírmalle, que este Goberno está funcionando, cun bo goberno e con transparencia, é máis, teñen feito máis eles en sete meses, que case o Sr. Rivas en catro anos. Ademais, tamén lle di que no asunto da transparencia, que limpe a súa casa, que ten moito que limpar, e despois que veña a dicirlles a eles o que teñen que facer.

Dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que non ía intervir, pero de todas formas, para demostrar ese bo goberno, a ela gústalle dar datos, e dende xuño ata hoxe, dende que se configurou esta nova Corporación ata o día de hoxe, se descontan aprobacións de créditos extraxudiciais ou pagos de facturas de exercicios anteriores, as iniciativas que o Goberno municipal trouxo, co goberno do PSOE con UxC, e co goberno de UxC, iniciativas que trouxeron a pleno nestes sete ou oito meses, foron: o arranxo da cuberta da piscina da Barcala; modificación de tres ordenanzas (venta ambulante, auga e terrazas); subvención de 6000 euros ao David Buján para o transporte escolar; aparcadoiros provisionais en núcleos urbanos; aprobación do POS e do PAS; aprobación dos festivos; e aprobación das bolsas de estudo e deportivas, que teñen carácter de aprobación anual.

Contando as iniciativas que trouxeron, non chegan a dez iniciativas reais en oito meses. Eses son os datos, e di isto porque a intervención do Sr. Leirós acáballe de parecer bastante dubidosa.

Entre todos os concelleiros, é dicir, dez cando estaban PSOE e UxC, e cinco que están agora, entre todos non chegaron a presentar dez iniciativas no pleno desta Corporación, e di que está sendo moi xenerosa, porque a modificación da ordenanza de terrazas estaba feita, a da venda ambulante fixérona as técnicas, e as bolsas lévanse convocando ano tras ano. Entón, dille que lle permita a expresión, pero menos lobos, carapuchiña.

3^o Sobre a base da información existente na páxina web do Concello de Cambre, respecto da creación dun "Gabinete de prensa e comunicación", en sesión plenaria do mes de xullo, o Grupo Municipal Popular presentou



un rogo no que se transmitían as nosas dúbidas máis que razoables sobre o tipo de relación laboral que unía ao responsable do dito gabinete de prensa e comunicación co Concello de Cambre, se este o era como traballador autónomo, como persoal eventual ou como traballador por conta allea, en cuxo caso tamén descoñecíamos o nome e solvencia da empresa que, en calquera caso, debería contar co preceptivo expediente de contratación.

Na contestación ao dito rogo e tralo intento do Sr. alcalde de confundir sobre a existencia de erros na páxina web municipal, este manifestou que o goberno ía contratar os ditos servizos cunha empresa de comunicación que non era de Cambre e mentres se tramitaba o dito expediente de contratación que tardaría *“como todos ben saben”* uns dous meses en resolver, estábanse facendo vales pedido como medio de contratación momentánea. Así mesmo o Sr. alcalde xustificou a elección do dito “procedemento” porque necesitaban con urxencia xente que estivera xa nun posto semellante a este, coñecera como funciona o noso concello e a empresa en cuestión ofreceulles á persoa escollida, persoal de confianza do anterior goberno municipal.

Non satisfeitos coa dita contestación, no pleno ordinario do mes de agosto, o Grupo Municipal Popular formulou pregunta na que, entre outros extremos, interesaba informe sobre a oportunidade e legalidade de tal medio de pago para o abono dos ditos servizos, así como o contrato e informes que no seu caso existiran sobre o particular.

A dita pregunta foi respondida polo entón concelleiro de Economía, Facenda, Obras e Servizos, para quen os ditos servizos estaban sendo xustificadas, como situación temporal e mentres non se levara a cabo a súa contratación definitiva, por medio de vales pedido cun importe mensual de 1.950 euros.

Para iso xustificou que a fórmula do vale pedido como forma de xestión de gasto está recollida na base vixésimo cuarta das bases de execución do orzamento municipal de 2014, prorrogado para o ano 2015, que para a xestión de gastos de contía inferior a 5.000 euros só esixe a autorización do concelleiro correspondente mediante vale pedido, que se utilizará *“coas cautelas que hai que utilizar e dentro da legalidade, sempre que sexa preciso”*.

Transcorridos máis de oito meses dende o inicio da dita práctica e, polo tanto, excedidas as cautelas referidas e incumpridos os requisitos de contía, procedemento e forma minimamente esixibles, dende o Grupo Municipal Popular solicítase ao equipo de goberno que informe sobre o particular; informe comprensivo, entre outros extremos, da legalidade e oportunidade da utilización continua de vales pedido en contía de 1.950 euros, por cada un dos máis de oito meses transcorridos, todo iso sen a existencia de expediente de contratación ningún.

O Sr. presidente contesta que, tal e como saben e se lles explicou en reiteradas ocasións, en diferentes sesións plenarias, a empresa de comunicación contratouse mediante un vale de pedido, efectivamente, fórmula utilizada polo PP tamén en reiteradas ocasións, por exemplo no “Ti fas Cambre”, que mantiveron durante un longo tempo, incluso nin con vales de pedido.

Pero di que non van entrar aquí no ti es máis e eu son menos, van ver a lóxica do proceso. Di que a lóxica do proceso é que eles empezaron co vale de pedido, e no prazo de tres meses se empeza o proceso de contratación. O que non ten moito sentido é que mentres non se defina e se termine ese procedemento de contratación, se faga outro proceso de contratación intermedio, provisional, para despois pasar por riba do outro proceso de contratación.

O proceso de contratación, os concelleiros saben que se ten rematado, e ademais ténselle dado o visto e praxe de todos os grupos municipais na fase de contratación. Está contratado, está rematado o proceso. O alongamento dos oito meses é porque hai un proceso de contratación que non lles permite outro tipo de xogos, porque como dixo antes, evidentemente, non ían facer un proceso intermedio de contratación.

Conclúe que esa é a cuestión pola cal se dan eses oito meses de prazo, pero é algo que se ten feito en varias ocasións, mentres estes procesos non se rematan.

Don Manuel M^a Mora Pita da Veiga, concelleiro do PP, manifesta que simplemente dicirle que o prazo de oito meses que levan co tema dos vales de pedido, cre que excede en moito o que sería a boa forma de goberno. El comprende as carencias que teñen nestes momento, de limitación de persoas que poidan dedicarlle unha atención especial a este tema, pero alongalo tanto tempo..., empeza a pensar se isto é posible, ou se incorre nalgún momento en ilegalidade por terse alongado tanto tempo o proceso de vales pedido.

O Sr. presidente sinala que xa o teñen aclarado. Esta é unha situación que o equipo de goberno anterior ten mantido en diversas ocasións, púxolles un exemplo, "Ti fas Cambre". Téñenlles ofrecido a xustificación a este proceso, que parece razoable e lóxico. Non ten nada que ver isto co intento de definir e volver a definir e volver a aclarar o proceso de bo goberno. Os procesos de contratación son procesos administrativos puramente regrados e puramente definidos, polo tanto, sería unha cuestión de que a persoa que se dedica á contratación non dá ou non é capaz ou non teñen capacidade. Non é un problema de que o político avance ou non avance a contratación, porque non ten nada que ver. Unha vez se inicia é un proceso regrado, co cal quere dicir que nin desgoberno, nin irregularidade.

Se necesitan un informe, por suposto están en todo o seu dereito a pedilo, pero insiste en que se ten feito noutras ocasións, en consideracións especiais, o que non pode converterse isto, evidentemente, é nun continuo de a diario, é dicir, non pode converterse nun vicio, por suposto que non, pero pídelles que comparta con el que excepcionalmente se poden dar este tipo de operacións, e que non teñen tanta transcendencia nun proceso e nunhas cantidades deste tipo.

Rogos de ACdC-SON presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/1418 o día 19 de febreiro de 2016, xunto coa moción e coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Existen no concello moitos pasos de peóns que debido ao desgaste da pintura, carencia de iluminación ou obstáculos nas súas proximidades, crean confusión e risco de perigo ás persoas, é dicir, non existe un mantemento regular e preventivo.

A rúa Constitución é un dos viais de máis transito e circulación do concello. Na súa confluencia coa praza Manuel Murguía un dos pasos de peóns atópase parcialmente fundido e os lastros soltos.

Pregamos que con carácter urxente o reparen, e tomen as medidas preventivas para evitar accidentes. Do mesmo xeito solicitamos se repinten todos aqueles pasos de peóns que teñan a pintura deteriorada.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, contesta que están totalmente de acordo. É algo que xa se detectou aí atrás, fíxose unha revisión de todos os pasos de peóns, sobre todo os que son con lastros, como no caso da rúa Constitución. Pasa o mesmo nos da urbanización da Barcala, están no mesmo estado, pero di que o tempo non acompañou, que iso tamén é certo. Están á espera de que o tempo mellore un pouco para intentar arranxar os que están afundidos e repíntalos. En todo caso, toman nota.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, pregunta se, entón, poden agardar que nun prazo de dous meses ou unha cousa así estean.

Dona Elisa Pestonit Barreiros contesta que se fará en canto se poida.

2º En días pasados publicouse en prensa a intención do Goberno Municipal de suprimir parques infantís como aposta pola calidade destes espazos en lugar de pola cantidade. A intención, segundo se publica, é elaborar un informe para ver cales dos parques existentes se suprimen e ir afrontando pouco a pouco as obras en función da

dispoñibilidade orzamentaria. Dende ACdC concordamos con que ter moitos parques infantís en mal estado significa exactamente o mesmo que non telos. Aos pais e nais non se nos ocorre utilizar un parque con elementos soltos, restelados, desprendidos ou directamente inexistentes.

Xa hai 5 meses, dende ACdC, expuxemos diversas anomalías e carencias nalgúns parques concretos así como a necesidade de facer un estudo do conxunto de todos os parques. O entón concelleiro delegado informou no mesmo sentido: necesidade dun estudo e eliminación dalgún parque infantil e compromiso de solucionar de xeito inmediato as ditas deficiencias puntuais por nós expostas.

Pasados cinco meses todo segue igual, non se cumpriu o compromiso adquirido e cabe mencionar que algunha das actuacións solicitadas son de carácter menor e de escasa dotación económica, como pode ser o caso dun recheo de terra nos bambáns da Casa das Palmeiras.

A lectura que podemos sacar desta exposición é que a vontade do Goberno non é mellorar a calidade de vida e xogo dos nosos nenos, senón facer unha exposición pública dun proxecto que nin existe nin se concreta para finalmente deixar os parques existentes exactamente na mesma situación que se atopan.

Pregamos nos informen máis concretamente do plan de eliminación de parques e dos motivos existentes para non ter realizado as reparacións comprometidas.

O Sr. presidente contesta que eles non pensaron nun plan de supresión de parques, pensaron nun plan de reestruturación de parques. Como a Sra. concelleira de ACdC ben dixo, hai parques que non se utilizan nunca, polo tanto é un gasto do erario público que deben de racionalizar.

A segunda cuestión é que hai que dividir varias cousas. Unhas, ten a Sra. concelleira razón, hai certas cousas que se poden facer cun mínimo, e hai outras que requiren un pouco máis de orzamento. Se lle permiten, sen alongarse moitísimo, porá un exemplo do que pasa ás veces. O que pasa ás veces é que cando se goberna hai que decidir, hai que tomar decisións sobre o que se fai. Por exemplo, nestes dous meses entraron nos servizos municipais 232 chamadas por solicitudes de reparación e de mantemento de diversas cuestións. O equipo de mantemento só puido abordar un terzo desas reparacións.

Iso o que supón é que teñen un problema no Concello de Cambre, de estrutura, de como abordar certos problemas que son de a diario, fochancas, reparación de cabinas, etc. Iso hai que poñelo en marcha, evidentemente, pero non se pode poñer de un día para outro, hai que tomar unha decisión entre contar simplemente co corpo de estrutura que ten o goberno municipal, ou contratalo fóra, ou facer procesos intermedios.

Di que niso é no que están, en intentar reorganizar un pouco os procesos. Levan sete meses, xa é tempo suficiente para que comecen a tomar medidas, pero cando hai que reordenar un concello, levan un certo tempo. Di que poñerá outro exemplo, se teñen un coche, queren ir a Madrid e queren ir rápido, ou compran un bo coche, ou senón é imposible, cun coche reparado, chegar certamente a onde se quere chegar. Conclúe dicindo que iso é o que lles pode comentar.

Dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que non deixan de ser excusas, porque para gobernar tan ben, e para ir o concello tan marabillosamente ben, con este tema dos parques levan, non agora este tempo, senón moitísimo. UxC o levaba no programa electoral, e os parques de Cambre son exemplo de todo o contrario do que deberían ser nun concello medianamente decente, salvando os que están construídos novos, de feito lembra a UxC e lembra á agora concelleira de Deportes, falar disto hai un par de anos, é dicir, que isto entendíase que era xa unha sensibilidade da anterior Corporación.

Continúa dicindo que eles insisten neste tema, constantemente, e é certo que hai que tomar decisións, pero tamén hai que priorizar, e o que non se pode facer é que saíndo da autoestrada, chegando á rotonda do Temple, que se vexan esas fochancas que hai aí, e os nenos pasando por diante, que non se poden bambear, e iso é só un recheo, iso é falta de vontade.

Pídelle que non lle conte nada relativo a que en dous meses foron 232 chamadas, están falando de inicio desta Corporación, e de que o concelleiro nese momento responsable da situación, comprometeuse con eles. E ela entende que era unha persoa suficientemente válida como para adquirir o compromiso en nome do goberno de solucionar esas deficiencias inmediatamente, porque era un concelleiro validado por UxC.

Dixo inmediatamente e van oitos meses, e agora o Sr. Leirós cóntalles que 200 chamadas e un terzo, e catro quintos, e nove oitavos. Dille que os parques están como están, e na prensa, e se non que lle regañe á prensa, que está aí diante, falaban dun plan de eliminación.

Conclúe dicindo que eliminen o que se teña que eliminar, pero que arranxen polo menos o que teñan posibilidade de arranxar con pouca cantidade de diñeiro, porque en ocasións están falando dunha mesa que ten unha aresta, que pode cortar a un neno, e é un taboleiro, e ás veces os proxectos máis ambiciosos non son os que fan bo a un concello, son as cousas menores as que dan calidade aos nenos e aos veciños.

O Sr. presidente responde que non están falando de proxectos ambiciosos, o que están falando é de recortar os problemas. El xa lle dixo que hai dous factores aquí, primeiro uns nos que a Sra. concelleira ten razón, que é un simple recheo, polo tanto iso non é unha desculpa, é a aceptación de que hai que ir alí e botalo. El non ten coñecemento dalgúns, evidentemente están nos expedientes e nos Excel de obras públicas, dos técnicos.

Ante as palabras da voceira de ACdC, o Sr. presidente manifesta que o que quere dicir con isto é que el non era quen levaba esa concellería, pero xa está, van ser sinérxicos e van ser positivos. Polo tanto, acéptase o que a Sra. concelleira di en certas cuestións, e volve dicirlle que hai outras que non vai ser posible resolvelas nun día ou inmediatamente, por exemplo a reestruturación dos parques, para iso hai que ir, facer unha ficha de cada parque, velo, e poñelo ao día. E terceiro, volve dicirlle que hai outro problema, que hai que resolver, por suposto, de forma máis ou menos inmediata, que é o problema de que os servizos municipais non dan abasto nese tipo de reparacións. Haberá que buscar unha solución e ver cal é a mellor solución.

Polo tanto, acepta o que a Sra. concelleira di en certas cuestións, poñeranse a traballar inmediatamente, e hai outras cuestións que nas que hai que ter un pouco de paciencia, porque mentres isto non se reestructure, non se vai a poder resolver, e iso é o que lle quere trasladar.

3º Nunha recente visita dunha concelleira do Goberno á parroquia de Cela, esta manifestou a varios veciños e veciñas presentes que os grupos da oposición non presentabamos propostas para a mellora da parroquia, e que en ocasións poñemos impedimentos para que o propio Goberno leve a cabo iniciativas. En relación con esta información prestada polos propios veciños ao grupo de ACdC:

Pregamos que, por considerar radicalmente falsas estas declaracións, se nos informe pormenorizadamente das actuacións que o actual Goberno non puido levar a cabo na parroquia de Cela, en beneficio dos seus veciños, pola obstaculización do noso grupo de xeito individual ou asimilado a outros.

Dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta que foi ela a que fixo a visita a Cela, pero por reclamación da presidenta da asociación de Cela. Foi mirar alí unhas cousas, e ela en ningún momento lembra ter dito iso, e di que non había nin un veciño, nin ninguén, só estaba a presidenta. Non sabe a que veciños se refiren.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, dille que se non lle chega con un.

Dona M^a Dolores Blanca García Fernández reitera que ela non fixo comentario ningún, que ela foi mirar o que tiña que mirar, punto.

Don Antonio Bruquetas Santos expón que máis veciños o chamaron por outros canles, tamén falando deste tema, non só a presidenta da asociación de veciños, pero o que o seu grupo considera imprescindible é que lles digan en que iniciativas e propostas levadas a cabo polo Goberno, ou por este Pleno, a oposición se negou e non quixo participar e aprobar esas mocións.

Dona M^a Dolores Blanca García Fernández insiste en que en ningún momento nomeou a ninguén, nin do Goberno, nin a ninguén da oposición, a ninguén.

O Sr. presidente intervén para dicir que isto funciona así, contestación, réplica, contestación, e se non é suficiente o aclararán máis tarde, pero que xa se acabou o tema. Di que teñen falado moitas veces disto, e pide calma.

Dille ao concelleiro de ACdC que el sabe que hai unhas regras do xogo, que estas son as regras do xogo e que non as fixeron eles, que as teñen compartido todos. Estas son as regras mentres non as cambien. Está contestado, a concelleira contestoulle, díxolle claramente que ela non ten feito esa afirmación. Se queren no persoal o ven, séntanse e o falan coa presidenta, non hai problema ningún, nunca o houbo, pero xa lle dixo dúas veces que ela non fixo esa afirmación. O aclaran e nada máis, como persoas normais, é dicir, pide que non saquen fóra de orde unha cousa que hai que aclarar noutros contextos.

4.3. Preguntas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/1455 o día 20 de febreiro de 2016.

Don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, explica que a primeira pregunta que traían ao pleno, a retiran por petición do Sr. alcalde.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que ao fío desta pregunta, eles están de acordo co talante amosado polo PP de acceder a suprimila, pero tamén piden que se faga efectivo un acordo que non foi votado, pero que si foi debidamente recepcionado por parte da actual Alcaldía no seu día, que é o de incorporar á Comisión Municipal de Seguridade aos grupos da oposición, para poder falar sen luz e taquígrafos, é dicir, privadamente, destas cuestións.

O Sr. presidente sinala que o voceiro do BNG aproveitou o momento para intervir, pero que esta non é a maneira en que hai que facelo.

Don Daniel Carballada Rodríguez pide perdón por isto.

O Sr. presidente contéstalle que non basta sempre con pedir perdón, porque senón convértese nunha norma. Con todo o respecto cara aos presentes, dille ao Sr. Carballada que ten que controlar este tipo de cuestións, el mesmo tamén ás veces ten que facelo.

2^a Na esencia do xogo democrático atópase, como papel fundamental da oposición, o controlar e fiscalizar a acción do goberno. De aí que sexa imprescindible non só contar cos medios necesarios para exercer a dita función, senón que os encargados principais de exercer o dito control, os representantes libremente escollidos polos cidadáns (no noso ámbito local, os concelleiros da oposición), teñamos acceso á información e documentación existente no concello e que se estima necesaria para levar á práctica a función encomendada;



que non é máis que unha manifestación máis do dereito fundamental á participación dos cidadáns nos asuntos públicos.

Neste sentido o artigo 77 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispón que *“Todos os membros das corporacións locais teñen dereito a obter do alcalde ou presidente ou da comisión de goberno cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.*

A solicitude de exercicio do dereito recollido no parágrafo anterior haberá de ser resolta motivadamente nos cinco días naturais seguintes a aquel no que se tivera presentado.”

Sobre a base deste precepto legal, o Grupo Municipal Popular veu solicitando reiteradamente (mediante a presentación de escritos por vía de rexistro de 17 e 19 de novembro de 2015 e 21 de xaneiro de 2016), a remisión de copia das facturas, vales de pedido emitidos ao seu favor e informes de Intervención ao respecto en canto á mercantil “Construcciones Miguel Queijeiro Varela” e ao autónomo cuxas siglas se corresponden coas iniciais G.M.M.B.

Á vista da negativa do Sr. alcalde de Cambre que, como vemos é o encargado de cumprir coa dita obrigaón, a subministrar a esta parte da oposición que así llo solicitou, a documentación requirida, documentación que considera imprescindible para exercer a súa función de control e fiscalización da acción de goberno e, sendo así mesmo evidente que os prazos máis arriba sinalados foron sobradamente sobrepasados, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao equipo de goberno, cando se vai cumprir coa obriga de entregar as facturas, vales de pedido e informes reiteradamente requiridos, todo iso como medio de evitar a utilización de cantos medios legais estean ao seu alcance para conseguilo.

Don Juan M^a Abalo Castex, concelleiro do PP, manifesta que, neste sentido, queren dicir que no día de onte remitíronselles as facturas, cos informes de Intervención, e rogarían que non tiveran que presentar preguntas no pleno cada vez que presenten por vía de rexistro unha solicitude de información, senón que se lles contestara dentro do prazo legalmente previsto dos cinco días naturais, nada máis.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, manifesta que xa o acaba de dicir o compañeiro do Grupo Popular, presentóuselles esta semana. Explica que o motivo do atraso na presentación dos documentos requiridos foi que estaban á espera de informes técnicos ou de Intervención, é dicir, para comprobar que as ditas obras estiveran feitas, que o importe se adecuara coa obra sinalada, etc.

O Sr. presidente expón que el amplía un pouco o tema, que o ten explicado a súa compañeira perfectamente, pero o amplía un pouco. Di que o asunto é que querían dar unha información máis efectiva, e querían comprobar que aqueles procesos tiñan sido ben definidos. É dicir, chega unha factura, hai un vale de pedido, se hai un vale de pedido xa hai un responsable, pero ás veces non o hai, e entón hai que preguntar primeiro ao técnico, para saber se o que se paga el cre que é adecuado ou non. Por exemplo, se 1000 euros son máis ou menos o adecuado para facer unha determinada obra, como pintar unha parede, o técnico di que si, que máis ou menos é conveniente. Eses procesos todos foron os que se estiveron facendo, para poñer unha información enriba da mesa máis veraz, iso é o que lles levou tempo.

Conclúe dicindo que ese é o proceso, e que se os señores concelleiros o requiren en cinco días, a próxima vez non poderán facer ese proceso, daranlles as facturas e xa está, non hai ningún problema.

3^a Coñecida é a tradición existente no noso municipio de celebrar o entroido, sendo numerosos os veciños que aproveitan xa dende antigo estes días para dar renda solta á súa imaxinación coas máis disparatadas vestimentas e carrozas.

Este ano 2016, foron numerosos os veciños que nos manifestaron as súas queixas sobre a organización e celebración do entroido en Cambre, no que foi evidente unha baixada na participación dos veciños, máis palpable, se cabe, na participación das carrozas. Razón pola cal, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao equipo de goberno cal é o balance que se fai, que inclúa o número de carrozas apuntadas no desfile e as que finalmente desfilaron, dato que parece significativo da redución da participación que se denuncia.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Cultura e Tradicións Populares, contesta que no entroido deste ano inscribíronse sete carrozas e nove comparsas, finalmente desfilaron cinco carrozas e sete comparsas. As razóns de que desfilaran cinco, cando estaban anotadas sete, foi que a de Carral non asistiu por avaría de última hora, e a de Cecebre por motivos de saúde dos integrantes. Dúas comparsas, ademais, Pravio e Culleredo, tampouco acudiron debido, así mesmo, a cuestións de saúde, segundo lles manifestaron de viva voz.

En canto á valoración, a pesar de todos os imponderables, de todos os condicionantes, de todos os inconvenientes que houbo este ano, como por exemplo as alertas, a proximidade do Nadal, os premios moi baixos, o non relevo xeracional, outros entroidos na comarca nos mesmos días, etc., consideran que a participación foi sorprendentemente alta, sen chegar ás cotas desexadas, evidentemente.

Conclúe dicindo que as previsións, en calquera caso, eran bastante máis pesimistas nun principio.

Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/1418 o día 19 de febreiro de 2016, xunto coa moción e cos rogos presentados para este pleno.

1ª No pleno de xullo de 2015, ante a pregunta de que medidas tiña pensado aplicar o Goberno para solucionar as deficiencias nos accesos aos distintos centros socioculturais do concello, o concelleiro responsable respondeu que: *“... non tiñan medidas propostas, pero que as medidas son claras, inspeccionar, avaliar e actuar. En canto ao tempo, en inspeccionar e avaliar, pouco, un ou dous meses. En actuar depende do orzamento, xa o verán, pero en fin, el entende que son medidas que deberían entrar dentro dun orzamento normalizado. Conclúe dicindo que agradece que os puxeramos sobre aviso.”*

Ante a gravidade que ten esta situación, que non é outra que o feito de que os propios veciños non poidan usar as súas instalacións de forma autónoma, o noso grupo pregunta:

Ata cando van seguir agardando os veciños para ver solucionado un problema que segundo o Goberno dependía dunha toma de medidas claras: inspeccionar, avaliar e actuar?

O Sr. presidente contesta que o concelleiro que contestou foi el, e agradácelle moito que lea con tanto detención as súas cousas, non sabe se é un alago ou se realmente é outra a razón, pero alégrase de todas formas.

Di que a cuestión é moi fácil. Si, efectivamente é así, o que pasou foi que no intermedio, nas relacións con algunhas das asociacións de veciños, nalgúns locais, e vaille poñer de exemplo un caso que entenden que é extremo, que é Sta. Mª de Vigo, xurdiron outro tipo de inconvenientes e problemas, como son os problemas de humidades absolutamente impresentables.

Por iso o que decidiron é facer esa avaliación, pero en vez de facela para o tema concreto da accesibilidade, pois facer unha inspección un pouco máis ampla, a ver que fai falta. Todo iso para igualar os locais, que é outra reivindicación que fan os veciños, que se igualen un pouco, no sentido de ter uns locais todos máis ou menos dignos, non ter uns locais magníficos e outros locais peores. Parece razoable que Sta. Mª de Vigo, aínda que estea arriba, teña un local igual que os outros.

O que se fixo foi paralizar a contratación desa inspección, co fin de ampliar o contrato un pouco máis, para que cando vaia o técnico non vaia facer un simple informe do tema da accesibilidade. Agora mesmo están en contratar ese tema, ou ver se son os servizos municipais, que non vai ser nada fácil pola cantidade de cousas que hai que facer, os que levan ese tema adiante.

En todo caso, el cre que o tema queda máis ou menos claro, o que van facer é inspeccionar todos os locais, e ver, por exemplo, os sistemas enerxéticos, porque en moitos casos estase perdendo unha cantidade de cartos en electricidade terrible, porque non teñen ningún illante e, polo tanto, prodúcense uns grandes desequilibrios nas facturas de electricidade, ata 4.000 euros/anuais que non se sabe moi ben por onde andan. Isto quere dicir que hai estufas que quedan toda a noite evidentemente prendidas.

Todo iso hai que reestruturalo, por iso en vez de facer só unha cousa e circunscribir o tema á accesibilidade, van pensar un pouco máis e ao mellor fan unha definición máis longa desas cuestións. Pero insiste, ían contratalo xa, déronse conta, os veciños reclamáronlles, van outra vez, e van volver inspeccionar, cre que pronto.

Conclúe dicindo que un dos temas de accesibilidade fundamental, e xa acaba, porque non quere estenderse máis, e ademais non é o momento, é o caso do concello. É vergonzoso que a casa do concello non teña un ascensor. O outro día el mesmo tivo que baixar ao salón de plenos, que non lle importa baixar, por suposto que non, para atender a dúas persoas que viñan co carro dos nenos. Magnífico, non pasa nada, é un espazo magnífico, pero non é de recibo. A accesibilidade é un tema que lles preocupa.

2ª Veciños da Pena da Nosa Señora e Estorrentada manifestaron ao noso grupo o perigo que supón a carencia dun sinal de "stop" na urbanización Eira de Arriba na confluencia con Viña Grande.

Preguntamos ao Goberno se prevé tomar as medidas necesarias para corrixir a situación.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, contesta que despois de que entregaran esta pregunta e de ver a foto, a medida máis inmediata que tomaron foi poñelo en coñecemento da Policía local, e están á espera de recibir un informe respecto da actuación que eles ven máis conveniente, ben un sinal de "stop", ben o que eles consideren. Faránlles chegar ese informe en canto llelo presenten.

3ª Co fin de dotar dunha maior seguridade ás persoas que acoden ás instalacións do campo de fútbol "Dani Mallo", e facilitar o seu acceso ás bancadas nas mellores condicións de seguridade:

Preguntamos ao concello sobre a posibilidade de que se leven a cabo (logo de informe técnico) as accións necesarias para prever riscos de caídas e mellorar a accesibilidade, instalando varandas ou pasamáns de acordo coa normativa vixente para este tipo de instalacións.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, contesta que as varandas ou pasamáns, por exemplo en escaleiras de baixada nas bancadas, non están permitidas, de feito non sabe se se dan conta de que na maioría de campos de nova construción, e campos de fútbol de ligas considerables, non está permitido por seguridade, para o caso de que haxa avalanchas, de que haxa que evacuar o campo rápido, para que a xente non quede oprimida contra os pasamáns, etc.

De todas maneiras, os técnicos municipais, como se nomea na pregunta, do departamento de Obras e Servizos, están facendo un repaso pormenorizado do código técnico de edificación para saber exactamente se neste tipo de instalacións, un campo de fútbol municipal, se podería poñer ou mellorar a accesibilidade mediante ese tipo de obxectos.

Pódelle dicir o mesmo que no rogo anterior, en canto teña resposta disto, se se pode facer algo, farállelo chegar.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

O Sr. presidente engade que o “Dani Mallo” é un campo feito hai pouco, polo tanto consideran que o tema de accesibilidade foi visto, quere dicir que é actual, en todo caso, informarán aos grupos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente por delegación levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e vinte e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Juan González Leirós

A secretaria xeral

Mª Luisa de la Red Ampudia